RELACIÓN DE ACORDOS APROBADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 30 DE OUTUBRO DE 2026.

Información e actividade corporativa

1. Aprobación das actas da sesión plenaria ordinaria número 9/2026 do 2 de outubro e da sesión plenaria extraordinaria número 10/2026 do 14 de outubro.

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 28 de setembro ata o 25 de outubro de 2026.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís

3. Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a A. C. Correlingua polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto "Correlingua 2026 na Provincia da Coruña. Co galego no corazón, facemos revolución"

4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega para cofinanciar a realización do Programa de actos culturais do ano 2026.

5. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Santiago para cofinanciar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2026.

6. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Santiago para cofinanciar o Sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche no ano 2026.

Comisión de sectores produtivos: Mar e Medio Rural

7. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS - EXPONAV, para o financiamento do proxecto "Gastos de funcionamento 2026: Exposicións, conserxaría e visitas, mantemento, seguros, servizos externos (auditoría, gabinete comunicacións) e material non inventariable"

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

8. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación de Padres de Personas con Paralisis Cerebral para o cofinanciamento do Proxecto básico e de execución de ampliación de porche de entrada do Complexo Asistencial ASPACE e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

9. Aprobación da modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Cabanas para o cofinanciamento das obras de mellora de accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas.

10. Aprobación da modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Culleredo para o cofinanciamento da mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na rúa Andrés Pan Vieiro.

11. Aprobación da modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Dodro para o cofinanciamento das obras de acondicionamento de viario para o fomento da mobilidade sostible, establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027.

12. Aprobación da modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de San Sadurniño para o cofinanciamento das obras de rehabilitación da escola de Igrexafeita para espazo sociocomunitario, establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027.

13. Aprobación da modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Val do Dubra para o cofinanciamento das actuacións de mellora no entorno do CPI de Bembibre, establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027.

14. Aprobación da modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Vilasantar para o cofinanciamento das obras de construcción de nave para destinala a servizos básicos municipais, establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027.

15. Aprobación da modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Ares para as obras de mellora do sistema de abastecemento, establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027.

16. Aprobación da modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Cerceda para a mellora das instalacións deportivas do Campo de fútbol "O Outeiro", establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027.

17. Aprobación do texto do modelo de acordo a adoptar polas Entidades Locais para a súa adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña (anexo I) e aprobación do texto do modelo de convenio a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e as Entidades Locais para a súa adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

18. Aprobación e formalización do texto do convenio a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para cofinanciar o desenvolvemento de diferentes liñas de actuación no marco da cooperación institucional entre ambas institucións para o ano 2025.

19. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de rehabilitación da cuberta da aula de estudos Xoana Capdevielle, situada no Campus de Elviña, UDC".

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

20. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Proxecto de reparación de camiños nas parroquias de Mabegondo e Limiñón" do Concello de Abegondo,

incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0502.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

21. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Construción de pista de Pump Track no parque do Pasatempo", do Concello de Betanzos incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025 co código 2025.2104.0806.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

22. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a setembro de 2026.

23. Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a setembro de 2026 e proxección a 31/12/2026.

24. Dación de conta da información remitida polo órgano interventor ao Tribunal de Cuentas en relación coas mancomunidades da provincia que incumpriron a obriga de rendición de contas e restantes obrigas de remisión de información.

25. Dación de conta da remisión de determinados expedientes de convenios do ano 2026 á Plataforma de Rendición de Contas.

26. Dación de conta da remisión de determinados expedientes de contratación á Plataforma de Rendición de Contas en cumprimento do disposto no artigo 335 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

27. Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Instituto Municipal La Coruña espectáculos, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamiento do proxecto "Desenvolvemento de diversas actuacións artísticas dentro do Festival Noroeste 2026"

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

28. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) para o proxecto de "Desenvolvemento de actuacións marco para a transición enerxética na provincia", anualidade 2026.

30. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Clúster do Audiovisual Galego para o financiamento do proxecto "Formación en Produción Audiovisual".

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

31. Aprobación do proxecto da obra Mellora de firme con MBQ na DP 2403 Cerceda a Xesteda punto quilométrico 5+500 ao punto quilométrico final (Cerceda).

32. Aprobación do proxecto da obra Reforzo do firme e mellora superficial na DP 0605 do pq 0+000 ao 4+670 (O Pino e Touro).

1.- Aprobación das actas da sesión plenaria ordinaria número 9/2026 do 2 de outubro e da sesión plenaria extraordinaria número 10/2026 do 14 de outubro.

Apróbanse as actas da sesión plenaria ordinaria número 9/2026 do 2 de outubro e da sesión plenaria extraordinaria número 10/2026 do 14 de outubro.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 28 de setembro ata o 25 de outubro de 2026.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 28 de setembro ata o 25 de outubro de 2026.

3.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a A. C. Correlingua polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto "Correlingua 2026 na Provincia da Coruña. Co galego no corazón, facemos revolución"

Logo de ver os informes e demais antecedentes no expediente número 2026000016327 sobre a proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a A. C. Correlingua polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o proxecto "Correlingua 2026 na Provincia da Coruña. Co galego no corazón, facemos revolución" proponse, ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión Informativa de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís:

Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 29 de setembro de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á A. C. Correlingua por importe de 20.000,00 €, concedida para cofinanciar o proxecto "Correlingua 2026 na Provincia da Coruña. Co galego no corazón, facemos revolución", cun orzamento subvencionado do 53.69% , de acordo co texto do convenio que se achega.

Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0116/3344/481 do vixente orzamento xeral.

Quinto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar á interesada.

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA PARA FINANCIAR O CORRELINGUA 2026 NA PROVINCIA DA CORUÑA. CO GALEGO NO CORAZÓN FACEMOS REVOLUCIÓN"

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante,

REUNIDOS

D/Dna._____en nome e representación de Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____en nome e representación de Asociación Cultural Correlingua

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación Cultural Correlingua organiza desde o ano 2001, baixo a denominación de Correlingua, diversas actividades a prol do idioma por Galicia, un proxecto de carácter lúdico, educativo e reivindicativo que pretende convidar a mocidade, alumnado e centros de ensino de titularidade pública e privada, de diferentes niveis a participar nun acto público de reivindicación do dereito de medrar en galego e tamén exercer de maneira efectiva como galegos e galegas a través do uso do noso idioma, única forma de garantir o seu futuro.

As actividades máis visíbeis para a sociedade son as FESTAS e CARREIRAS que se celebran nas principais cidades do país, o traballo do Correlingua esténdese ao longo de todo o ano, con actividades que teñen por obxecto traballar sobre a lingua de maneira que o Correlingua interactúa cos centros de ensino no curso 2025-2026 e no 2026-2027 e contribúe así á sensibilización co noso idioma e a darlle o protagonismo na preparación de contidos e argumentos ao alumnado participante. Como se apunta anteriormente a protagonista destas actividades é a FESTA na que o alumnado sae á rúa para trasladar á sociedade a mensaxe de que ten dereito a vivir en galego. Trátase de doce FESTAS que se realizan ao longo da xeografía galega durante o mes de maio. Na provincia de Coruña, celébranse nas cidades da Coruña, Santiago de Compostela e Narón.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

É competente para o impulso institucional do idioma galego, de conformidade co capítulo XI da súa Ordenanza de uso da lingua galega aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do 15 de setembro de 2017, co disposto no artigo 19.1. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña fomentará o uso do galego nas actividades mercantís publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outro dentro do ámbito provincial.

19.2. A Deputación Provincial da Coruña poñerá paulatinamente en marcha programas dirixidos á poboación e ás entidades asociativas ou empresariais da provincia para conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos no proceso de recuperación social da lingua galega, e fomentará –co deseño e posta en marcha dos programas oportunos- o uso e prestixio do galego na transmisión interxeracional, na mocidade, nas novas tecnoloxías, no deporte, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade e en calquera outro ámbito social de interrelación humana.

19.3. Todos os órganos da Deputación Provincial da Coruña impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación. A Unidade Técnica de Normalización Lingüística

asesorará a Corporación provincial nesta materia.

19.4. Valorarase como criterio positivo na concesión de subvencións e axudas as iniciativas e actividades que contribúan á normalización e ao incremento do uso e prestixio da lingua galega. Do mesmo xeito, a comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña deberá estar en lingua galega. Este requisito figurará de forma expresa na convocatoria e bases correspondentes.

19.5. A Deputación Provincial da Coruña de acordo coa Lei 3/1983 poderá outorgar subvencións para actuacións que procuren a normalización lingüística e o fomento da normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras por actos singulares.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o convenio de colaboración conforme as seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683, para financiar o proxecto “Correlingua 2026. na Provincia da Coruña. Co galego no corazón facemos revolución” (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro) un proxecto que pretende incentivar o uso oral do galego e polo tanto a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

Orzamento detallado de gastos e ingresos previstos para a actividade

GASTOS

1.Organización de actividades 30.837,84 €

1.1 Actividades centros ensino participantes 2.350,00 €
Obradoiros escrita Desata a lingua por Lucía Aldao e María Lado 1.750,00 €
Obradoiro Premio Crealingua 600 €

1.2 Contratación de profesionais 24.756,84€
Presentación Festa Coruña Isabel Risco 393,25 €
Mekánika (Cantalingua) na Festa da Coruña 1.300,00 €

Sonorización e palco Festa da Coruña 3.430,35 €
Comunicación, redes sociais conc. Coruña Samuel Merino 665,50 €
Zeltia Irevire (Cantalingua) Festa de Compostela 800,00 €
Sonorización Festa de Santiago de Compostela 1.839,20 €
Presentación Isabel Risco Festa de Santiago de Compostela 393,25 €
Comunicación e redes sociais Merlolab concello Santiago 484,00 €
Presentación Festa Narón Isabel Risco 605,00 €
Paco Nogueiras (Cantalingua) na Festa de Narón 990,00 €
Comunicación, redes sociais Ferrolterra Samuel Merino 162,00 €
Comunicación, redes sociais resto provincia Samuel Merino 1.331,00 €
Coordinación Correlingua nóminas 12.363,29 €

1.3 Desprazamentos alumnado 3.731,00 €
Autobuses para o desprazamento do alumnado á Festa de Narón 1.914,00 €
Autobuses para o desprazamento do alumnado á Festa da Coruña 1.817,00 €

2. Deseño - Edición de material 6.413,71 €

2.1 Deseño imaxe Correlingua 2025 Xulia Pisón 725,00 €
2.2 Vídeo resumo Correlingua e Regueifando 811,20 €
2.3 Agasallos para o alumnado: mochilas 4.525,40 €
2.4 Aloxamento web 133,10 euros
2.5 Materiais promoción: carteis, lonas, rollers 219,01 €

TOTAL GASTOS_____ 37.251,55 €

INGRESOS PREVISTOS

Deputación de Coruña _____ 20.000,00 €
Concello de Santiago de Compostela ____ 4.000,00 €
Concello de Ferrol _____ 3.000,00 €
Concello de Coruña _____ 10.000,00 €
Concello de Carballo_____ 250,00 €
A.C. Correlingua_____1,55 €

TOTAL INGRESOS PREVISTOS_____37.251,55 €

A Asociación Cultural Correlingua acredita que dispón de financiamento suficiente para asumir a parte do orzamento da actividade que non estea financiada pola Deputación.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **20.000,00 euros**, o que representa unha porcentaxe de 53,69%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 53,69% da cantidade efectivamente xustificada, podendo variar a porcentaxe sen que supere a contía máxima e a porcentaxe citadas neste apartado. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou

alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito para imputar a totalidade do gasto.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0116/3344/481,** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Correlingua obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Asociación Cultural Correlingua. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a Asociación Cultural Correlingua, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, Asociación Cultural Correlingua deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. Ademais o logotipo da deputación deberá figurar na web da entidade.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Cultural Correlingua unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal de Asociación Cultural Correlingua, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula segunda deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2026** como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a Asociación Cultural Correlingua para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Asociación Cultural Correlingua deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación Cultural Correlingua destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Asociación Cultural Correlingua poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Correlingua serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Correlingua será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse dende o 1 de xaneiro de

2026.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o **exercicio 2027**, autorice o correspondente orzamento.

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

4.- Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 15/03/2027 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo (cronograma) co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2027. Esta prórroga será aprobada mediante resolución da Presidencia, despois do informe da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e da Intervención Provincial. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na citada data.

Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003 do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega para cofinanciar a realización do Programa de actos culturais do ano 2026.

Logo de ver os informes e demais antecedentes no expediente número 2026000019238 sobre a proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actos culturais do ano 2026, proponse, ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión Informativa de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís:

Primeiro.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Segundo.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 60.000,00 €, á Real Academia Galega, para cofinanciar o Programa de actos culturais do ano 2026, cun orzamento subvencionado de 75.000,00 €, de acordo co texto que se achega.

Terceiro.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0612/3341/481 do vixente orzamento xeral.

Cuarto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Quinto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega para financiar o *Programa de actos culturais do ano 2026.***

Na Coruña, a

Ante min,....., Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____, en nome e representación da Real Academia Galega.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ocupan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Real Academia Galega é unha institución científica, con personalidade xurídica propia, que ten como obxectivo fundamental o estudio da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego, tal e como consta nos estatutos vixentes, aprobados por Real decreto 271/2000, do 25 de febreiro.

Esta circunstancia refórzase tamén polas disposicións do Decreto 392/2003, do 23 de outubro da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia que *"en atención á importante labor que no fomento da cultura e da investigación realizan as Academias"* regula as competencias da Comunidade Autónoma en materia de Academias de Galicia.

No dito decreto *"se procede á definición destes institutos xurídicos como corporacións de dereito público que teñen como finalidade primordial o fomento, a investigación e o desenvolvemento das ciencias, das artes, das letras e da cultura, en xeral. Esta natureza pública venlles dada como órganos que son asesores da Administración nos termos establecidos en cada caso pola normativa vixente."*

2.- De conformidade co artigo 2 dos Estatutos, son finalidades da Real Academia Galega:

a) Establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua galega, conforme ao disposto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización lingüística en Galicia, do Parlamento de Galicia.

b) Estudar e propoñer a restauración da onomástica galega.

c) Velar polos dereitos do idioma galego.

d) Defender e promover o idioma galego.

e) Asesorar aos poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social.

f) Estudar e dar a coñecer o patrimonio literario e documental da institución.

g) Decidir a personalidade literaria á que cada ano se lle dedica o día das letras galegas.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Real Academia Galega,** con

CIF: Q1568003F, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da *Programa de actos culturais do ano 2026,* que se indica deseguido:

Actividade 1: XXXVI edición dos Cursos de verán de lingua e cultura galeas. Galego sen fronteiras.

Actividade 2: Documental Letras Galegas 2026: Begoña Caamaño: navegar no pracer do azul.

Actividade 3: Primavera das Letras dedicada a Begoña Caamaño.

Actividade 4: Publicación. Boletín da Real Academia Galega, número 386.

Actividade 5. Xornada: A invención da tradición. O Festival Celta de Ortigueira.

Actividade 6: Publicación. Toponimia do concello de Noia.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento estimado:

Actividade 1: XXXVI edición dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Galego sen fronteiras

48 Bolsas de estudos: 45 de 400,00 € e 5 de 600,00 €	21.000,00
Conferenciantes: 200,00 € x 5	1.000,00
Docentes de nivel superior: 500,00 € x 2 e 600,00 € x 2	2.200,00
Docentes de nivel medio: 1.000,00 € x 1	1.000,00
Docentes de nivel elemental: 1.000,00 € x 2	2.000,00
Docentes de prácticas de nivel elemental: 700,00 € x 2	1.400,00
Docentes de prácticas de nivel medio: 350,00 x 2	700,00
Actividades culturais pendentes de determinar (obradoiro...)	800,00
Premio da Universidade de Lisboa. Cátedra de Estudos Galegos.	500.00
Excursión (guía e desprazamento)	1.100,00
Gastos de desprazamento docentes e conferenciantes	300,00
Persoal de administración, organización, dirección	1.900,00
Gastos de seguridade social do persoal laboral	1.200,00
Reportaxe fotográfica e audiovisual	1.800,00
Gastos de papelería e similares	500,00
Total	37.400,00 €

Actividade 2: Documental Letras Galegas 2026: Begoña Caamaño: navegar no pracer do azul

Produción, guión, identidade visual, deseño gráfico, gravacións, viaxes, dietas e animacións	10.608,00

Dereitos musicais, arquivo de imaxe montaxe, postprodución, subtitulado, locución e voz en off	5.135,00
Adaptación do documental para redes sociais	423,00
Cartel para presentación do documental	34,00
Total	16.200,00 €

Actividade 3: Primavera das Letras dedicada a Begoña Caamaño

Elaboración de texto sobre Begoña Caamaño	2.500,00
Ilustracións sobre Begoña Caamaño e dereitos de reprodución	2.500,00
Impresión de marcapáxinas, pegatinas, impresos, bases para chapas e material similar	1.254,00
Renovación do dominio primaveradasletras.gal	16,16
Presentación de Primavera das Letras 2026.Reportaxe fotográfica	574,75
Presentación de Primavera das Letras 2026. Sonorización e creación videográfica	1.573,00
Figura premio Na lingua que eu falo. Primavera das Letras 2026	200,00
Entrega premio Na lingua que eu falo. Reportaxe fotográfica	482,09
Total	9.100,00 €

Actividade 4: Publicación. Boletín da Real Academia Galega, número 386

Impresión de 225 exemplares	2.036,63
Tradución dos resumos de textos e palabras chave ao inglés	163,37
Total	2.200,00 €

Actividade 5: Xornada. A invención da tradición. O Festival Celta de Ortigueira

1 conferencia e 3 intervencións en mesa redonda	900,00
Coordinación	150,00
Gastos de viaxe de participantes, coordinador...	360,00
Gastos de aloxamento dun participante e coordinador	390,00
Servizo de streaming, emisión en directo	800,00
Reportaxe fotográfica	500,00
Actuación musical	900,00
Total	4.000,00 €

Actividade 6: Publicación: Toponimia do concello de Noia

Impresión de 200 exemplares	1.200,00
Autoría da publicación	1.200,00
Revisión da publicación	600,00
Mapas de microtoponimia	300,00
Total	3.300,00 €

Gastos indirectos

Gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actividades e funcionamento da Real Academia Galega durante o ano 2026	2.800,00

Total	2.800,00 €
Total orzamento	**75.000,00 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €,** o que representa unha porcentaxe do 80,00 %**.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre o que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Real Academia Galega, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con

criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal da Real Academia Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2026.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2026.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Academia Galega para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega na documentación aportada."

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Real Academia Galega terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devindique dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2026.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2027, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Santiago para cofinanciar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2026.

Logo de ver os informes e demais antecedentes no expediente número 2026000018091 sobre a proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural 2026, proponse, ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión Informativa de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís:

Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 9 de outubro de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 75.000,00 €, ao Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural 2026, cun orzamento subvencionado de 150.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201 do vixente orzamento xeral.

Quinto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural 2026.

Na Coruña, a

Ante min,....., Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Don/a –---------- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a –----------en representación do Concello de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

1.- Que no ano 2000 a Deputación iniciou o Plan de Apoio Veciñal, no que se incluía o "Programa de construción ou adquisición de equipamento de locais para asociacións de veciños de concellos de máis de 50.000 habitantes".

Neste Programa incluíronse os locais das seguintes asociacións de veciños do concello de Santiago: AVV "Nosa Señora de Belén", de Santa Cristina de Fecha, AVV "A Unión de Santa María de Villestro", AVV de A Rocha "Serafín Zas" e AVV "Ruta Xacobea".

2.- Que con data do 5 de agosto de 2004, mediante Decreto da Alcaldía, o Concello de Santiago de Compostela solicitou á Deputación a cesión dos locais sinalados coa finalidade de integralos na rede de centros socioculturais do Concello para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños das devanditas zonas, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Que atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 25 de novembro de 2004, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso de locais ao Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de os incorporar á Rede Municipal de Centros e Locais Socioculturais, que foi asinada o 29 de decembro de 2004 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento dos centros durante catro anos. Con posterioridade, esta Deputación mantivo o financiamento das actividades desenvolvidas nestes centros.

4.- Que co obxectivo de dinamizar estes centros e locais socioculturais do rural, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve un programa de accións para promover a creación de afeccións lúdicas e formativas en coñecementos e destrezas básicas de distintas disciplinas, que fomenten a interrelación social, a participación cidadá e o encontro interxeracional ao longo de todo o ano.

5.- Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Santiago de Compostela**, co NIF: P1507900G, fixando as condicións que se impoñen por esta

administración concedente e os compromisos asumidos polo Concello de Santiago de Compostela beneficiaria para o financiamento parcial do **Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural 2026*.***

As actividades obxecto da subvención están incluídas na programación 2026 dos centros de ámbito rural relativas a actividades infantís, de animación sociocultural , de dinamización dixital nas aulas informáticas, de actividades de memoria, obradoiros e outras actividades puntuais nos distintos centros e locais sociais da Rede de Centros Socioculturais no rural do Concello de Santiago.

Actividades como aprender a manexar o teu móbil, tablet ou o ordenador, así como saber usar o correo electrónico, aprender a facer videochamadas, realizar pequenas xestións administrativas e trámites online son propostas que se plantexaron o longo de estes anos anteriores e que teñen tamén o longo de este ano 2026 un espazo importante na programación da rede de centros do rural compostelán.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Santiago de Compostela.

De acordo cos contratos subscritos polo Concello de Santiago de Compostela, para o servizo de animación sociocultural e do servizo de novas tecnoloxías na rede de centros socioculturais, o orzamento de gastos correspondentes ao persoal son os seguintes:

Servizo de animación sociocultural	150.000,00
Total gastos	***150.000,00 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **75.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **50,00%.**

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 50,00% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou

axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o Concello de Santiago de Compostela deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Santiago de Compostela unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do Concello de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), expedida polo órgano responsable da contabilidade, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2026.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas. Este documento deberá ter o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago de Compostela.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Santiago de Compostela deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte

aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2026.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2027, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha

comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Santiago para cofinanciar o Sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche no ano 2026.

Logo de ver os informes e demais antecedentes no expediente número 2026000018097 sobre a proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Sostemento o do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2026, proponse, ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión Informativa de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís:

Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 9 de outubro de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 140.042,13 €, ao Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o Sostemento o do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2026, cun orzamento subvencionado de 238.040,35 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201 do vixente orzamento xeral.

Quinto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o S*ostemento o do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2026*

Na Coruña, a

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Don/a –---------- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a –----------en representación do Concello de Santiago de Compostela.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

EXPOÑEN

1.- Mediante acordo adoptado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2002, aprobouse a subscrición dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e Caixa Galicia, polo que Caixa Galicia cedía á Deputación da Coruña o uso a título gratuíto de 1.268,50 m^2 na pranta baixa do local sito na Rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Xuvenil.

A dita "obra benéfico-social en colaboración" foi aprobada por acordos da Asamblea Xeral da Caixa de Aforros de Galicia, de datas 16 de xuño de 2001 e 22 de xuño de 2002.

O acordo entre as dúas entidades foi subscrito o 30 de xullo de 2002 e formalizouse en documento administrativo nº 64/2002.

2.- Con data 19 de abril de 2005 o Alcalde de Santiago de Compostela dirixíase a esta Deputación solicitando a integración do Centro Xuvenil na Rede Municipal de Centros Socioculturais para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2006, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso do local sito na rúa de Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Sociocultural e Xuvenil, para a súa xestión polo Concello de Santiago de Compostela.

4.- O convenio de cesión de uso formalizouse o día 31 de maio de 2006 en documento administrativo nº 37/2006 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento do Centro durante catro anos.

Con posterioridade, esta Deputación mantivo o financiamento das actividades desenvolvidas neste Centro.

5.- No Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche véñense realizando, ao longo destes anos, unha ampla oferta de actividades programadas e temporalizadas en torno a animación sociocultural e o tempo de lecer, que permiten unha participación activa da cidadanía do Ensanche compostelán nas mesmas. Estas actividades están dirixidas a veciñanza tanto infantil como de adultos, con especial fincapé no público xuvenil que vive ou se relacionan no entorno mencionado

6.- Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Santiago de Compostela**, co NIF: P1507900G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos polo Concello de Santiago de Compostela beneficiaria para o financiamento parcial do Sostemento do centro sociocultural e xuvenil do ensanche no ano 2026

No Centro desenvólvense as seguintes actividades:

1.- Actividades formativas anuais dirixidas á infancia e persoas adultas: club de lectura, club de xadrez, club de teatro, espazo lila, reforzo dixital, adultos/sénior, cursos monográficos de informática.

2.- Actividades complementarias realizadas por asociacións.

3.- Actividades sociais: obradoiros de Nadal, de Entroido, conmemoracións e semanas temáticas.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago de Compostela, á marxe das empresas concesionarias de servizos, asociación ou colectivos que desenvolven as actividades, no Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche, conta co seguinte persoal: 2 animadores/as socioculturais e 3 uxieres, financiados parcialmente a través deste convenio, cos seguintes custos:

Soldos e salarios	183.679,09 €
Seguridade social a cargo da entidade	54.361,26 €
Total gastos	**238.040,35 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **140.042,13 €**, o que representa unha porcentaxe do **58,83126 %.**

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 58,83126 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o Concello de Santiago de Compostela deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Santiago de Compostela unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do Concello de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), expedida polo órgano responsable da contabilidade, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións

con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2026.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago de Compostela.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial

determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Santiago de Compostela deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2026.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de **2027**, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de

Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS - EXPONAV, para o financiamento do proxecto "Gastos de funcionamento 2026: Exposicións, conserxaría e visitas, mantemento, seguros, servizos externos (auditoría, gabinete comunicacións) e material non inventariable"

Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 8 de outubro de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Este convenio, unha vez aprobado, será incluído no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

Terceiro.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 125.000,00 euros a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV, para o financiamento dos "Gastos de funcionamento 2026: Exposicións, conserxaria e visitas, mantemento, seguros, servizos externos (auditoría, gabinete comunicacións) e material non inventariable", cun orzamento subvencionado de 156.250,00€, de acordo co texto do convenio que se achega.

Cuarto.- Imputar a achega provincial con cargo á aplicación orzamentaria 0510/333.1/481 do vixente Orzamento Xeral.

Quinto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV, para o financiamento do proxecto "Gastos de funcionamento 2026: Exposicións, conserxaría e visitas, mantemento, seguros, servizos externos (auditoría, gabinete comunicacións) e material non inventariable".
A Coruña,

REUNIDOS

D/Dna.----------, en nome e representación da Deputación Provincial de A Coruña,
D/Dna.----------, en nome e representación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV,
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

1.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 36 e coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 109.
2.- Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades (artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
3.- Que a Deputación provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de revitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da provincia.
4.- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO
O presente convenio ten por obxecto establecer a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV, CIF G-15944564, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto "Gastos de funcionamento 2026: Exposicións, conserxaría e visitas, mantemento, seguros, servizos externos (auditoría, gabinete comunicacións) e material non inventariable".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR
A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Soldos e salarios incluída Seguridade Social	119.838,19 €
Servizos externos (limpeza, auditoría, gabinete...etc)	21.711,00 €
Mantemento (Sistema contraincendios, ascensor, lucernarios, mantemento)	10.500,81 €
Seguros	3.200,00 €
Material eléctrico, oficina	1.000,00 €
TOTAL	156.250,00€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE
1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define

na cláusula primeira, cunha achega máxima de 125.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80.00000%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade .

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/333.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV, obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público .

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada á unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma SUBTEL) a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as

desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.
3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
4.- Unha relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.
5.-Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
6.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.
1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende **o día 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro do 2026.**
2. Unha vez rematadas as actividades, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV, deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV .
A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV, da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable e lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV, na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN
A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV, deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial

determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV, deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación provincial de A Coruña, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV, poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV, queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos na lei Xeral de Subvención da e a ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.-Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, dándolle en

todo caso audiencia ao interesado.
3.- Para os supostos de atrasos na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV, serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV , será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración abranguerá os gastos devengados dende **o día 1 de xaneiro do 2026 ata o 31 de decembro de 2026**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 31 de maio do ano 2027**, condicionada á existencia de crédito para tal fin.
2. Para o caso de que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 31 de marzo de 2027, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS -EXPONAV, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da Fundación para el fomento del conocimiento de la construcción naval y de las actividades marítimas -EXPONAV

8.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral para o cofinanciamento do Proxecto básico e de execución de ampliación de porche de entrada do Complexo Asistencial ASPACE e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

1.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe de data 16 de setembro de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 87.688,88 € €, á Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral para financiar o Proxecto básico e de execución de ampliación de porche de entrada do Complexo Asistencial ASPACE, cun orzamento subvencionado de 120.373,07 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

4.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0611/23121/781 do vixente Orzamento.

5.- Aprobar o texto do convenio.

6.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

7.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2027, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Proxecto básico e de execución de ampliación de porche de entrada do Complexo Asistencial ASPACE

Na Coruña, a __ de _____ de 2026

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D._____ o representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D./Dna_____ o/a Presidente/a da Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

1.- Que a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral é unha entidade sen ánimo de lucro e, segundo se indica no artigo 3 dos seus estatutos, ten como misión fomentar a creación de Centros e Institucións de carácter rehabilitador e pedagóxico para a recuperación, ensinanza e tratamento psicolóxico e educación de persoas con parálise cerebral afectados física e/o psíquicamente.

2.- Que o Proxecto básico e de execución de ampliación de porche de entrada do Complexo Asistencial ASPACE dá resposta ás necesidades das persoas con parálise cerebral para contar con instalacións adecuadas para o colectivo, o cal beneficiará de maneira directa a 46 persoas con parálise cerebral do Centro de Día.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral, NIF G15031529, para o financiamento do Proxecto básico e de execución de ampliación de porche de entrada do Complexo Asistencial ASPACE.

O Proxecto básico e de execución de ampliación de porche de entrada do Complexo Asistencial ASPACE, aparece definido no proxecto realizado por José Manuel Vilariño García, Arquitecto con número de colexiado 1.821.

II.- Orzamento de execución das obras

O orzamento previsto acada a cifra de 120.373,07 € co seguinte desagregado:

IMPORTE DE EXECUCIÓN MATERIAL	83.598,22
13 % Gastos xerais	10.867,77
6 % Beneficio industrial	5.015,89
IMPORTE DE EXECUCIÓN	99.481,88
21 % I.V.E.	20.891,20

TOTAL ORZAMENTO **120.373,07**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **87.688,88 €** o que representa unha porcentaxe do **72.84759 %** do orzamento total.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **72.84759** %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

V.- Difusión do financiamento provincial.

1.- Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Rematada a obra, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego .

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada á Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

* **Certificación/s** de obra subscrita polo Técnico-director e polo contratista.

*** Factura/s** expedidas polo contratista.

* **Certificación** de aprobación da/s mesma/s polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

*** Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

*** Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

2.- Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de difusión previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmoble á finalidade para a que foi concedida a subvención alomenos por un prazo de DEZ ANOS anos.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMOTERCEIRA.

2.- Unha vez rematadas as obras, a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2026, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2027.**

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2027 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os
mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

9.- Aprobación da modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Cabanas para o cofinanciamento das obras de mellora de accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas.

Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Cabanas para o cofinanciamento das obras de mellora de accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2027.

Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

10.- Aprobación da modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Culleredo para o cofinanciamento da mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na rúa Andrés Pan Vieiro.

Aprobar a modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do

convenio subscrito co Concello de Culleredo para o cofinanciamento das mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na rúa Andrés Pan Vieiro, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2027.

Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

Nesta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría

e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

11.- Aprobación da modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Dodro para o cofinanciamento das obras de acondicionamento de viario para o fomento da mobilidade sostible, establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027.

Aprobar a modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito o Concello de Dodro para o cofinanciamento das obras de acondicionamento de viario para o fomento da mobilidade sostible, establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2027.

Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

Nesta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas a dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

12.- Aprobación da modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de San Sadurniño para o cofinanciamento das obras de rehabilitación da escola de Igrexafeita para espazo sociocomunitario, establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027.

Aprobar a modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de San Sadurniño para o cofinanciamento das obras de rehabilitación da escola de Igrexafeita para espazo sociocomunitario, establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2027.

Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas a dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

13.- Aprobación da modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Val do Dubra para o cofinanciamento das actuacións de mellora no entorno do CPI de Bembibre, establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027.

Aprobar a modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Val do Dubra para o cofinanciamento das actuacións de mellora no entorno do CPI de Bembibre, establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2027.

Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas a dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

14.- Aprobación da modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Vilasantar para o cofinanciamento das obras de construcción de nave para destinala a servizos básicos municipais, establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027.

Aprobar a modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Vilasantar para o cofinanciamento das obras de construcción de nave para destinala a servizos básicos municipais, establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2027.

Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas a dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

15.- Aprobación da modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Ares para as obras de mellora do sistema de abastecemento, establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027.

Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Ares para as obras de mellora do sistema de abastecemento, establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2027.

Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas a dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

16.- Aprobación da modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Cerceda para a mellora das instalacións deportivas do Campo de fútbol "O Outeiro", establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027.

Aprobar a modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do convenio subscrito co Concello de Cerceda para a mellora das instalacións deportivas do Campo de fútbol "O Outeiro", establecendo unha nova data de finalización do mesmo ata o 31 de outubro de 2027, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2027.

Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

17.- Aprobación do texto do modelo de acordo a adoptar polas Entidades Locais para a súa adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña (anexo I) e aprobación do texto do modelo de convenio a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e as Entidades Locais para a súa adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

1º.- Aprobar o texto do modelo de acordo a adoptar polas Entidades Locais para a súa adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña (anexo I).

2º.- Aprobar o texto do modelo de convenio a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e as Entidades Locais para a súa adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, onde se concretan as obrigas das partes, e sen que implique coste económico para a Deputación Provincial da Coruña (anexo II).

3º.- Publicar o contido do presente acordo, para darlle unha maior difusión, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web da Deputación provincial da Coruña.

ANEXO I

MODELO DE ACORDO DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Entidade: [Concello ou entidade].

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A Deputación Provincial da Coruña, mediante acordo plenario do 27 de xuño de 2014, aprobou a creación da Central de Contratación ao abeiro da normativa de contratación pública vixente naquela data.

Na actualidade, o réxime xurídico das centrais de contratación e da adhesión aos sistemas de adquisición centralizada está regulado nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en diante LCSP.

SEGUNDO.- [Concello ou entidade] está interesado/a na utilización da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña para atender as súas necesidades de contratación de obras, subministracións e servizos, dentro do ámbito subxectivo e das condicións de funcionamento da Central e de conformidade coa LCSP.

A adhesión xeral á Central é voluntaria e non obriga a realizar a través dela todas as contratacións da entidade. A participación en cada instrumento de contratación centralizada estará suxeita ás condicións da adhesión individualizada, ás instrucións de funcionamento aplicables e aos respectivos pregos, sempre de conformidade coa normativa vixente.

En consecuencia, ao abeiro dos artigos 227 e 228.3 da LCSP, da normativa de réxime local e das instrucións de funcionamento da Central de Contratación, [o Pleno da corporación municipal ou o órgano competente da entidade], no exercicio das súas atribucións,

ACORDA

PRIMEIRO.- Adhesión á Central de Contratación.
Adherirse ao sistema de adquisición centralizada da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, nos termos establecidos na normativa vixente, nas instrucións de funcionamento que resulten aplicables e no convenio de adhesión aprobado mediante este acordo.
A adhesión xeral non constitúe por si mesma a adhesión a unha licitación determinada, a adxudicación dun contrato nin a autorización ou disposición do gasto correspondente. En ningún caso a entidade poderá contratar a provisión da mesma prestación a través de varias centrais de contratación, conforme ao artigo 228.3 da LCSP.

SEGUNDO.- Aprobación do convenio de adhesión.
Aprobar o convenio de adhesión ao sistema de adquisición centralizada da Deputación Provincial da Coruña, cuxo texto íntegro se incorpora como anexo a este acordo e forma parte del.

TERCEIRO.- Remisión do acordo.
Remitir á Deputación Provincial da Coruña a certificación deste acordo, xunto co texto íntegro do convenio aprobado e coa documentación necesaria para tramitar e formalizar a adhesión, polos medios electrónicos que correspondan.

CUARTO.- Habilitación para a formalización e adhesións individualizadas.
Facultar a [Alcalde/sa ou persoa que exerza a representación legal da entidade], en nome e representación de [Concello ou entidade], para asinar o convenio aprobado e os documentos necesarios para a efectividade deste acordo.

As adhesións individualizadas aos acordos marco, contratos, sistemas dinámicos de adquisición ou outros instrumentos que tramite a Central e sexan de interese para a entidade deberán ser acordadas polo órgano competente en cada caso. A persoa representante poderá formalizar os documentos correspondentes unha vez adoptadas as decisións e aprobacións necesarias.

Esta habilitación para a sinatura non comporta unha delegación xenérica das competencias de contratación ou de aprobación do gasto. Respectaranse a distribución de competencias prevista na disposición adicional segunda da LCSP e na normativa aplicable á entidade, así como as delegacións validamente acordadas.

[Lugar e data].
[Sinaturas ou dilixencia de certificación que correspondan].

ANEXO II

Convenio de adhesión do [Concello ou entidade] ao sistema de adquisición centralizada da Deputación Provincial da Coruña

Número: [número].

A Coruña, [data da sinatura].

REUNIDOS

Dunha parte, [nome e apelidos], titular da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, en nome e representación desta conforme ao artigo 34.1.b) da Lei 7/1985 e ás facultades outorgadas polo Pleno da Deputación en sesión de data [data], coa asistencia de [nome e apelidos], titular da Secretaría [ou persoa que exerza legalmente as funcións de fe pública administrativa].

Doutra parte, [nome e apelidos], [cargo] do [concello ou entidade adherida], en nome e representación deste, conforme a [norma e título representativo], habilitado/a por [órgano, acordo e data].

As partes recoñécense capacidade para subscribir o presente **Convenio de adhesión ao sistema de adquisición centralizada da Deputación Provincial da Coruña** e obrigar ás entidades que representan.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Deputación Provincial da Coruña creou a Central de Contratación mediante acordo plenario do 27 de xuño de 2014 para facilitar a contratación das entidades locais da provincia e dos entes instrumentais comprendidos no seu ámbito.

SEGUNDO.- A actuación provincial fundaméntase na asistencia e cooperación e na contratación centralizada previstas no artigo 36.1.b) e g) da Lei 7/1985. A Central réxese polos artigos 227 e 228 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, en diante LCSP.

Coa creación da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña preténdese lograr as condicións económicas máis vantaxosas e a consecuente redución do gasto público das entidades adheridas ao sistema de contratación centralizada que se articula e, ao tempo, simplificar a tramitación administrativa na adquisición de bens e servizos, potenciando ao mesmo tempo a transparencia e a seguridade na contratación.

Trátase de facilitarlles ás entidades locais da provincia e aos seus entes instrumentais a adquisición de bens e a contratación dos servizos que lles sexan necesarios, articulando un sistema áxil, que permita a minoración de tempos de contratación e simplifique a súa tramitación, dando así cumprimento á obriga de colaboración da institución provincial coas entidades locais do seu territorio.

TERCEIRO.- [Concello ou entidade adherida] acordou a adhesión por [órgano e data]. O convenio articula cooperación administrativa e non adxudica prestacións propias dun contrato nin cede a titularidade de competencias. Cada contratación quedará sometida á LCSP.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E ALCANCE

O obxecto do presente convenio é a adhesión do [concello ou entidade adherida] á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña para acceder ás subministracións de

bens e contratación de obras ou servizos a través da Central de Contratación, nas condicións vixentes nos contratos subscritos por esta coas empresas adxudicatarias.

A adhesión xeral é voluntaria e non obriga a tramitar todas as contratacións a través da Central de Contratación, polo que o [concello ou entidade adherida] poderá optar por utilizar este sistema ou calquera outro establecido na lexislación de contratación pública.

Non obstante, a adhesión individualizada aos distintos acordos marco, contratos e outras licitacións por parte do [concello ou entidade adherida] si terá carácter obrigatorio e, en consecuencia, non poderá efectuar contratacións relativas ao obxecto dos citados acordos marco ou contratos á marxe destes e non poderá contratar a provisión da mesma prestación a través de varias centrais, de acordo co artigo 228.3 LCSP.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación:

- Informará ás entidades locais dos acordos marco, contratos ou outras licitacións que celebre, e solicitará a adhesión individualizada a cada un deles, que será voluntaria para as ditas entidades.
- Informará das condicións dos acordos marco, contratos e outras licitacións, tales como empresa/s adxudicataria/s, prezos ofertados, prazos de execución e, en xeral, calquera aspecto relevante, así como todas as modificacións que poidan ter durante a súa vixencia.
- Tramitará os expedientes que lle correspondan e cumprirá a publicidade legal no perfil de contratante e nos restantes medios esixibles. A páxina web da Central terá carácter informativo complementario.
- Prestará a coordinación e asistencia previstas nos pregos e tramitará as comunicacións de pedido que lle correspondan, logo da verificación dos requisitos necesarios.
- Adoptará as medidas oportunas en caso de incumprimento total ou parcial por parte das empresas adxudicatarias, incluída a tramitación de expedientes de imposición de penalidades ou de resolución de contratos.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA ENTIDADE LOCAL ADHERIDA

O [concello ou entidade adherida]:

- Identificará os cargos que, en virtude das súas competencias en materia de contratación e aprobación do gasto, deben subscribir as peticións de subministracións, obras ou servizos, para que podan ser tramitadas pola Central de Contratación, especificando a denominación da entidade, dirección, persoas de contacto, teléfono e dirección de correo electrónico, responsable da execución e datos de facturación, e comunicará as actualizacións.
- Formulará as peticións no modelo aprobado pola Central de Contratación da Deputación, logo da autorización previa e disposición do gasto.
- Supervisará as prestacións e porá en coñecemento da Central de Contratación as demoras, defectos e incumprimentos que se produzan, para que a Central de Contratación adopte as medidas oportunas.

- Efectuará a recepción ou conformidade, a comprobación material cando proceda, e o pago do prezo conforme ao artigo 198 LCSP e, eventualmente, dos xuros de mora e das posibles revisións cando exista cobertura legal e contractual.
- Facilitará á Central a documentación necesaria para o seguimento e cumprirá as súas obrigas de publicidade e arquivo.

CUARTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio será de catro anos desde o día seguinte á formalización. Antes de rematar ese prazo, as partes poderán acordar expresamente unha prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

QUINTA.- EXTINCIÓN, INCUMPRIMENTO E LIQUIDACIÓN

O convenio extinguirase polo cumprimento do seu obxecto ou por causa de resolución: vencemento sen prórroga, acordo unánime, incumprimento, decisión xudicial de nulidade ou outra causa legal. Calquera parte poderá tamén denunciar o acordo de adhesión comunicándoo previamente con tres meses de antelación, polo menos.

A extinción dará lugar á liquidación das obrigas e compromisos. Os efectos da extinción quedarán en suspenso ata que teña lugar a recepción e abono total das prestacións solicitadas pola Central de Contratación a instancia do [concello ou entidade adherida].

SEXTA.- INTERPRETACIÓN E LITIXIOS

As cuestións litixiosas que poidan xurdir respecto da aplicación, interpretación e cumprimento deste convenio corresponden á orde contencioso-administrativa nos termos legalmente procedentes.

SÉTIMA.- RÉXIME ECONÓMICO

A adhesión xeral non establece transferencias, cotas nin compromisos financeiros entre as partes. Cada parte asumirá a súa actividade cos medios e créditos propios.

A entidade destinataria asumirá os gastos das contratacións que solicite e os pagos que lle correspondan; a Deputación non se converte en debedora ou garante destes por xestionar a Central.

Pola Deputación: [nome, cargo e sinatura].

Pola entidade adherida: [nome, cargo e sinatura].

Fe pública administrativa: [nome, cargo e sinatura, cando proceda].

18.- Aprobación e formalización do texto do convenio a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para cofinanciar o desenvolvemento de diferentes liñas de actuación no marco da cooperación institucional entre ambas institucións para o ano 2025.

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Universidade da Coruña **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar **o desenvolvemento de diferentes liñas de actuación no marco da cooperación institucional entre ambas institucións para o ano 2025,** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar e formalizar o texto do convenio a subscribir entre a Deputación da Coruña e a Universidade da Coruña para cofinanciar o desenvolvemento de diferentes liñas de actuación no marco da cooperación institucional entre ambas institucións, sendo que a Deputación da Coruña colaborará no financiamento das devanditas actividades, **cunha achega máxima de 208.000,00 euros, con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/3269/45390, o que representa unha porcentaxe de 80% do custe total:**

Actividade	Orzamento (100%)
Accións de fomento da sustentabilidade e o compromiso coa loita contra o cambio climático	101.000,00 €
Accións de fomento da equidade, a igualdade e a xustiza social	29.000,00 €
Actividades de divulgación científica e extensión universitaria	130.000,00 €
TOTAL	260.000,00 €

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS DIFERENTES LIÑAS DE ACTUACIÓN NO MARCO DA COOPERACIÓN INSTITUCIONAL ENTRE AMBAS INSTITUCIÓNS, ANO 2025.

Na Coruña, a ... de ... de 2026, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da deputación Provincial da Coruña,

como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, RICARDO CAO ABAD, Reitor da Universidade da Coruña.

As comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas e

EXPOÑEN

Primeiro. A Universidade da Coruña (en diante UDC) é unha entidade de dereito público á que lle corresponde o servizo público de educación superior e á que a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU) lle atribúe, entre outras, as funcións de educar e formar ao estudantado a través da creación, desenvolvemento, transmisión e avaliación crítica do coñecemento científico tecnolóxico, social, humanístico, artístico e cultural; promover a innovación a partir do coñecemento nos ámbitos sociais, económicos, medioambientais, tecnolóxicos e institucionais; contribuír ao benestar social, ao progreso económico e á cohesión da sociedade e do entorno territorial no que estea inserida; e a formación da cidadanía a través da transmisión dos valores e principios democráticos (artigo 2 LOSU). Para o cumprimento dos seus fins, a UDC dispón de autonomía en virtude do dereito fundamental recollido no artigo 27.10 da Constitución Española, na que se comprende o establecemento de relacións con Administracións Públicas co obxecto de desenvolver as funcións que lle son propias (artigo 3 LOSU).

Segundo. A Deputación Provincial da Coruña (en diante, a Deputación) ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención de actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outros organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e ao benestar social.

Terceiro. No exercicio das súas funcións, ambas as dúas entidades teñen como referente os dereitos fundamentais e as liberdades públicas, o fomento da equidade e a igualdade, o impulso da sustentabilidade, a loita contra o cambio climático e os valores que se desprenden dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS).

Cuarto. Baixo este marco de actuación, a UDC e a Deputación manifestan o seu interese común en colaborar na realización dos fins de ambas as dúas institucións mediante a subscrición dun convenio de colaboración que permita desenvolver accións de extensión universitaria e accións orientadas aos ODS, principalmente no ámbito da cultura, o deporte, a promoción da igualdade, a innovación e a divulgación científica, entre outros, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto fixar as bases de outorgamento dunha subvención nominativa pola Deputación a prol da UDC, co NIF Q6550005J, fixando as condicións que se impoñen pola administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial das actividades que se leven a cabo nas liñas de actuación prioritarias recollidas na cláusula seguinte, sen prexuízo de que ambas as institucións, de mutuo acordo, contemplen outras que puidesen xurdir.

SEGUNDA. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS

Ambas as partes establecen como liñas de actuación prioritaria as que se relacionan a continuación, sen prexuízo de que podan substituírse as accións específicas que se indican en cada unha delas por outras equivalentes de interese común para ambas institucións.

1. Actuacións de fomento da sustentabilidade e o compromiso coa loita contra o cambio climático:

Nesta liña de actuación inclúense as seguintes accións:

1.1. O proxecto Green Power

A rede internacional de Greenpower Education Trust ten mais de 25 años de experiencia motivando a estudantes de distintos niveis educativos a desenvolver as súas competencias nunha variedade de roles no que equipos multidisciplinares "deseñan e constrúen" os seus propios vehículos para participar en carreiras sustentables (www.greenpoweriberia.org).

A nivel internacional conta con máis de 2.700 equipos que participan en mais de 80 carreiras cada temporada en Europa, EEUU, China e Sudamérica. As probas consisten en carreiras de resistencia de 60 minutos nas que o obxectivo é ver quen pode lograr percorrer mais voltas utilizando todos a mesma fonte de alimentación e motor eléctrico. As finais internacionais celébranse en outubro en circuítos como Silverstone ou Goodwood Motor Circuit.

En España e Portugal, Greenpower Iberia coordina as actividades do programa e os talleres educativos baixo a licenza do Greenpower Education Trust. Actualmente contan con mais de 80 equipos (desde educación primaria ata equipos universitarios) participando como actividade curricular e/ou extraescolar con 15 carreiras por tempada nas diferentes categorías, catro delas programadas en circuítos profesionais.

Cada equipo participante pode optar por desenvolver un vehículo a partir do kit que subministra Greenpower e que proporciona os elementos básicos para ter un vehículo funcional ou desenvolver un deseño integral propio. Os equipos poden participar en varias carreiras durante cada tempada. Isto permítelles analizar o rendemento dos seus coches, identificar e priorizar as opcións de mellora continua, aplicando cambios progresivos e/ou

radicais.

A Escola Politécnica de Enxeñería de Ferrol (EPEF) do Campus Industrial de Ferrol (CIF) está a desenvolver en Galicia un proxecto plurianual de Project Learning e de desenvolvemento de vocacións STEM baseado no proxecto Greenpower. A EPEF é a encargada da coordinación do proxecto que se está estendendo a toda Galicia e polo tanto ten que afrontar os gastos derivados do desenvolvemento do proxecto para o que solicita esta subvención.

1.2. A First Lego League Nacional

A First Lego League é un programa internacional que desafía a mozos e mozas de entre 4 e 16 anos, divididos en 3 categorías, a resolver problemas do mundo real, como poden ser a reciclaxe, a educación ou as enerxías renovables. Mediante a súa resolución, os mozos e mozas desfrutan coa ciencia e a tecnoloxía. Ao mesmo tempo, aprenden valiosas habilidades para o seu futuro profesional e persoal, como son o traballo en equipo, a resolución de problemas e a comunicación.

Desde o ano 2022, a Asociación ingeniera.soy é a entidade que impulsa a First Lego League en España en colaboración co 20% das universidades españolas, parques tecnolóxicos e entidades de promoción da innovación como socios. Ademais, a iniciativa é posible grazas á colaboración de empresas e entidades que achegan aos participantes aos coñecementos e profesións STEAM.

O Campus Industrial de Ferrol leva acollendo este a First Lego League Galicia os últimos anos. Os rapaces e rapazas participantes na First Lego League adéntranse na temática anual deseñando e construíndo un robot que sexa capaz de solventar os retos propostos. Ademais teñen que investigar a cerca desta temática e realizar un proxecto de innovación que poña solución a un problema real.

Na First Lego League Galicia colaboran cada ano a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego – dependente da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Concello de Ferrol. Ademais, patrocinan a First Lego League Galicia a empresa Gabadi SL, o Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia (ICOIIG), o Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia (CPEIG), Gadis, PuntoGal, Neodyn e Todo Ocio.

Nembargantes, Ingeniera.soy nomeou ao Campus de Ferrol como sede da final First Lego League Nacional para o ano 2025 que se celebrou o 29 de marzo de 2025. Debido a isto tívose que organizar o evento galego habitual, para o que contamos cos patrocinios anteriormente mencionados, e a maiores tívose que organizar un mes máis tarde o evento nacional para o que se solicita esta subvención.

2. Actuacións de fomento da equidade, a igualdade e a xustiza social

Nesta liña de actuación inclúense as seguintes accións:

2.1. A Clínica Xurídica Xustiza Social

A Clínica Xurídica “Xustiza Social” é unha proposta na que o estudantado ten a posibilidade de involucrarse en casos reais, realizando as súas prácticas ou traballos académicos en entidades orientadas á atención de persoas en situación vulnerable.

Na Clínica Xurídica “Xustiza Social” da UDC traballase en distintos proxectos, nos que o estudantado pon os seus coñecementos ó servizo das persoas usuarias coa supervisión das persoas titoras académicas e profesionais.

A clínica está adscrita á Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, e colabora con distintas entidades públicas e privadas, coas que previamente se subscriben convenios de colaboración.

Actualmente ten en vigor o proxecto As Mariñas no que e realiza atención xurídica a usuarios de Servizos Sociais de Culleredo, Carral e Bergondo. O proxecto Acción por Ucraína no que se facilita atención xurídica á poboación ucraína que chega á Coruña. Agora mesmo esta atención estendeuse ás persoas palestinas que están estudando na UDC. Tamén está en vigor o proxecto Teixeiro no que se traballa no Centro Penitenciario de Teixeiro con formación a persoas presas e por último o proxecto Cáritas no que se atende a persoas en exclusión social. Indicar que a Clínica Xurídica da UDC colaborou con outras clínicas xurídicas de outras universidades españolas para elaborar unha guía de axuda para as persoas damnificadas da DANA.

2.2. Espazo Compartido

Espazo Compartido, dependente da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, é un programa de formación en habilidades persoais, sociais e competencias básicas, para a empregabilidade e o fomento da inclusión laboral de persoas novas con discapacidade cognitiva. Trátase dun proxecto que nace coa pretensión de abrir o espazo universitario a colectivos que non poden acceder aos canles de formación ordinarios debido ás importantes barreiras de acceso do noso sistema educativo. Espazo Compartido é unha aposta decidida pola responsabilidade social universitaria, unha mostra do compromiso da Universidade da Coruña coa sociedade e co dereito a unha formación digna e en igualdade de condicións. Espazo Compartido está financiado polas axudas Unidiversidade da Fundación Once, que se deben solicitar anualmente e tamén polo Banco Santander. Sen embargo hai actividades formativas, que contribúen á autonomía do alumnado con discapacidade cognitiva, que non contan con financiamento. Trátase dos intercambios con outras universidades ou centros de investigación, para o que se solicita esta subvención.

2.3. Asistencia persoal para persoas con discapacidade ou diversidade funcional matriculadas na UDC que precisan de apoio non so académico

En determinados casos, o apoio académico non é suficiente para que estudantes da UDC podan desenvolver a súa vida universitaria; mais aló dos recursos que pode facilitar a UDC é necesario e imprescindible ofrecer asistencia persoal.

2.4. Programa de formación e fomento da empregabilidade para persoas con discapacidade cognitiva

Tratase dun programa que se pretende desenvolver no Campus de Ferrol para a formación a medida, nas competencias que demandan as empresas da comarca, de mocidade con discapacidade cognitiva. Para a posta en marcha deste programa contase coa colaboración da Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER).

Os pasos que se pretenden seguir en colaboración con COFER son os seguintes: iniciarase cunha rolda de contactos coas empresas que forman parte da confederación para coñecer as competencias que demandan e a posibilidade de que podan ofrecer prácticas e contratar a persoas con discapacidade intelectual; con aquelas empresas que realmente podan incorporar persoas con discapacidade intelectual farase unha ficha máis detallada das competencias que demandan para incorporarse a ese posto de traballo.

Unha vez identificadas as competencias deseñarase un programa formativo baseado en microcredenciais, é dicir, formacións curtas de 3 a 6 créditos para traballar as distintas competencias de interese para as empresas e que permitan ás persoas con discapacidade que as cursen poder incorporarse directamente a realizar prácticas e traballar nas mesmas.

Estes programas formativos, deseñados directamente coa empresa presentaranse ás distintas asociacións da comarca de Ferrolterra que traballan con persoas con discapacidade cognitiva. As entidades coas que se está a colaborar son: ASPANAES, ASPANES, TEIMA DOWN FERROL, COGAMI, Asociación Nuestra Señora de Chamorro, ASPANEMI, Saúde Mental, Ferrol, Eume e Ortegal. Deste xeito poderán coñecer de primeira man o programa formativo e axudarnos a difundilo ás persoas que podan estar interesadas.

Así a UDC, e concretamente o Campus de Ferrol, fará de ponte entre as entidades e o tecido produtivo proporcionando a formación necesaria para o acceso ao mercado laboral das persoas con discapacidade cognitiva contribuíndo a formar persoas naquelas competencias que realmente necesitan as empresas.

Para o desenvolvemento destas actividades formativas necesitase contar con financiamento, para o que se solicita esta subvención.

2.5. Axudas para estudantado procedentes de zonas de conflito ou receptoras de Axuda Oficial ao Desenvolvemento

O 7 de setembro de 2015 as Universidades españolas no seo da CRUE acordaron facilitar a recepción e acollida de estudantado universitario refuxiado en forma de colaboración directa ou a través de accións con outras administracións e axentes.

Así con esta colaboración preténdese ofrecer axudas de apoio ao estudantado matriculado ou que desexe matricularse na UDC e que estea nalgunha destas situacións: status de persoa refuxiada, en solicitude de asilo, que proveña de áreas xeográficas en conflito ou que sexan receptores de Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD). As axudas económicas poden ser para:

- Taxas e prezos públicos da matrícula completa ou parcial do curso correspondente na UDC.

- Taxas de expedicións de títulos.

- Aloxamento nas residencias universitarias: Elvira Bao da Coruña ou Residencia Universitaria Pública de Ferrol.

- Axudas económicas para o manutención.

3. Actividades de divulgación científica e cultural

Desde a Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte estase a realizar diversas accións para fomentar a cultura científica e cultural.

3.1. Premios Isabel Zendal

En colaboración co Círculo Escéptico convocamos os Premios Isabel Zendal de Promoción do Pensamento Crítico en Educación Secundaria e Bacharelato coa finalidade de promover o pensamento crítico e a cultura científica.

O concurso ten como obxectivo fomentar a práctica do escepticismo, entendido como o pensamento crítico e racional, ferramenta indispensable para a comprensión do mundo e a toma de decisións na vida diaria, especialmente entre a xuventude, vítima en moitas ocasións do engano, a manipulación e a difusión de noticias e crenzas falsas. O xénero literario será o artigo periodístico, a exposición divulgativa dun experimento desenvolvido polo alumnado, o conto ou o relato curto. Os traballos integrarán os valores do pensamento escéptico e científico, a difusión do coñecemento, a perspectiva de xénero, a ciencia e os seus métodos e a refutación das pseudociencias, así como a loita contra a difusión de enganos e noticias falsas. Desde este marco de comunicación científica, tamén se valorará

que sexan sensibles á erradicación das diferentes violencias que se perpetúan a través de loias que atentan contra a dignidade das mulleres, colectivos LGTBI+ ou inmigrantes, entre outros.

Establécense dúas categorías de participación: categoría A, para o alumnado de 1.º a 3.º da educación secundaria obrigatoria e FP básica; categoría B, para o alumnado de 4.º da educación secundaria obrigatoria a 2.º de bacharelato e dos ciclos formativos de grao medio.

Os traballos presentados serán incluídos nunha publicación editada polo Servizo de Publicacións da universidade.

3.2. Convocatoria Divulgando o noso

Co fin de contribuír á difusión e divulgación dos resultados de investigación convócase a Convocatoria Divulgando o noso.

O obxecto desta convocatoria é colaborar co persoal investigador da UDC para trasladar ao público contidos do seu labor de investigación a través do deseño de infografías científicas que poidan expoñerse e diferentes formatos e espazos en colaboración con outras institucións como concellos, museos etc. Trátase de trasladar ao público a ciencia do noso tecido investigador que pode existir detrás de fenómenos ou obxectos cotiáns, das ferramentas tecnolóxicas que se usan diariamente etc. que sexa de interese para a cidadanía e a sociedade actual. Esta iniciativa contribuirá a mellorar a cultura científica, técnica e innovadora da sociedade e a percepción que a cidadanía teña do labor de investigación que se realiza na universidade.

3.3. Obradoiros creativos

Dende a Área de Cultura ofértanse diferentes obradoiros dende diversos ámbitos da arte e da cultura.

En concreto, ofrécese unha tipoloxía de actividades ampla e diversa que pode mudar nas diferentes convocatorias pero en xeral como mostra de exemplo poden ser: Aula e obradoiro de Teatro, Aula e obradoiro de Danza, Obradorio de Danza Contemporánea, Aula e obradoiro de Música, Escritura de Guión, Creación e Produción Musical, Escrita Creativa, Fotografía, Cuadernismo e debuxo urbano, Obradoiro de videoarte en cine normativo, O libro coma ferramenta creativa, Xestionar un festival nunha comunidade local: da idea á práctica, Lab Textile Ferrol, ou outras temáticas de interese.

3.4. Aulas de Teatro, Aula de Danza e Aula de Música

Cada ano realízase unha nova produción teatral e unha peza de danza exhibidas no FITEUC (Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña), tanto en Coruña como noutros lugares da xeografía galega no marco dos diversos festivais universitarios dependentes das universidades de Santiago de Compostela (festival de Santiago e festival de Lugo) e de Vigo (festival de Ourense e de Vigo). Para o caso concreto da Coruña a mostra realizarase en diferentes lugares como poden ser: o Ágora, o Forum Metropolitano ou o Teatro Rosalía de Castro. É un festival aberto a toda a cidadanía, como é habitual.

A Aula de Música da Universidade da Coruña (UDC) ten a súa sede no Espazo de Intervención Cultural NORMAL, situado no Campus de Riazor. Esta aula foi creada para fomentar a formación e a expresión artística na comunidade universitaria, ofrecendo un espazo para a creación e a práctica musical contemporánea. A súa programación inclúe ensaios, formación en interpretación e participación en proxectos culturais e actos.

3.5. Clube de Lectura

O Clube de Lectura de NORMAL, baixo a coordinación da escritora Antía Yáñez, continuará ao longo do ano 2025. No club participan vinte persoas pertencentes tanto á comunidade universitaria como á cidadanía en xeral que escollen, len e comentan unha obra literaria da literatura universal ou da galega, e que tanto pode proceder dos clásicos como da creación máis contemporánea, tal é o caso de Manuel Rivas, recente gañador do Premio Nacional das Letras Españolas. As reunións do club teñen carácter quincenal.

3.6. Residencias artísticas

Os diversos programas de residencias artísticas teñen como finalidade apoiar a artistas ou colectivos artísticos que desexen desenvolver un proxecto de investigación e/ou creación nos ámbitos das artes visuais, danza, música etc. Estes programas pretenden ofrecer ás e aos artistas recursos materiais, técnicos e de infraestruturas para o correcto desenvolvemento dos seus proxectos, favorecendo tamén o intercambio entre artistas e disciplinas artísticas.

Tras o éxito dos anos previos, coa recepción de máis de 200 solicitudes provenientes de toda Europa e de diversos países de América, convocaremos unha nova edición do Programa de Residencias Artísticas Normal – Fundación María José Jove, mediante as cales se proporcionará ás persoas seleccionadas o acceso a un espazo de traballo, acompañamento curatorial e recursos materiais e económicos para a produción de proxectos inéditos no ámbito das artes visuais.

Esta convocatoria está aberta a creadoras e creadores de calquera nacionalidade ou procedencia xeográfica e pretende: promover a investigación, a creación e a produción artística; contribuír a fortalecer o contexto cultural galego, promovendo proxectos creativos de interese social vinculados á comunidade; configurar contornas favorables para o desenvolvemento do pensamento crítico e da arte asociadas a aspectos como a identidade

patrimonial, a ecoloxía ou o medio ambiente; facilitar un achegamento horizontal aos novos modos de inserción no territorio, de lectura e interpretación do espazo paisaxístico, natural e rural contemporáneo; e fomentar valores de protección e difusión do patrimonio natural e cultural de Galicia, a través da arte contemporánea.

3.7. Exposicións e publicacións derivadas

A Sala de Exposicións de NORMAL é un espazo que acolle proxectos expositivos de grande interese a nivel artístico –e non unicamente–, que dan cabida á mostra da obra de artistas emerxentes do noso ámbito xeográfico ou exposicións colectivas de diverso teor. Neste ano están previstas exposicións, que levaran asociadas actividades complementarias, como visitas guiadas, conferencias, talleres etc.

3.8. Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña — 30ª edición

Un ano máis, a cidade da Coruña convértese no epicentro do teatro universitario coa celebración do Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña (FITEUC), que neste ano alcanza a súa 30.ª edición.

Desde o 9 de abril ata o 14 de maio, os escenarios do Teatro Rosalía, o Centro Ágora e o Fórum Metropolitano acolleron unha programación diversa onde se deron cita compañías universitarias de teatro e danza.

3.9. Outras actividades fixas e puntuais

Ademais, lévanse a cabo outras moitas actividades, como as seguintes: o Ciclo de Cinema do Norte ao Noroeste; o Ciclo de Documental Reflexos do Ártico; actividades culturais conmemorativas do Día das Artes Galegas e do Dia das Letras Galegas; Concertos e artes performativas e masterclasses; e rutas culturais en Ferrol 2025.

TERCEIRA. ORZAMENTO DE GASTOS DAS ACTUACIÓNS A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

A UDC levará a cabo as actividades programadas consonte ao seguinte orzamento:

ACTUACIÓN	**ORZAMENTO (100%)**
Accións de fomento da sustentabilidade e o compromiso coa loita contra o cambio climático	101.000 €
Accións de fomento da equidade, a igualdade e a xustiza social	29.000
Actividades de divulgación científica e extensión universitaria	130.000 €

TOTAL	**260.000 €**

CUARTA. FINANCIAMENTO

1. Para levar a cabo todas as accións descritas, a Deputación Provincial da Coruña outorgará unha subvención nominativa de **208.000 euros**, que cubrirá o **80% do custe das diversas accións.**

Os gastos elixibles serán:

a) Gastos de persoal: coordinación técnica, persoas relatoras, dirección artística e persoal de apoio necesario para a execución dos programas.
b) Adquisición de material funxible e didáctico: materiais para obradoiros -robótica, laboratorios-, papelería.
c) Desprazamentos, aloxamento e manutención: gastos de viaxe de persoas relatoras, artistas invitados e alumnado participante nas competicións ou residencias.
d) Publicidade e difusión: cartelaría, redes sociais.
e) Seguros.
f) Servizos externos: montaxe de infraestruturas, aluguer de equipamentos técnicos, servizos de imprenta e publicacións, e servizos profesionais vinculados aos eventos.
g) Matrículas e taxas asociadas.

2. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a UDC que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á UDC.

3. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación so achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3269/45390 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre o que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

QUINTA. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución das actividades corresponderalle á UDC, asumindo, xa que logo, as conseguintes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á UDC, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias as que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a UDC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase esixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

SEXTA. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da UDC, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc., deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UDC.

SÉTIMA. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á UDC unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

a) Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da UDC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades

realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

b) Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula terceira.

c) Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse as actividades realizadas durante o ano 2025.

d) Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

e) Acreditación do cumprimento das abrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula novena.

f) Acreditación do cumprimento da abriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula sexta.

OITAVA. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula segunda, poderán ter sido realizadas desde o 1 de xaneiro de 2025.

2. Unha vez rematadas as actividades, a UDC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de marzo de 2027.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á UDC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á UDC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na canta da entidade financeira indicada pola UDC.

NOVENA. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS ABRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

A UDC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das abrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determina rase de oficio por esta.

DÉCIMA. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A UDC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; so excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UDC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

UNDÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UDC poderá ser escolleita pola intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais abrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UDC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

DUODÉCIMA. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D.887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

DÉCIMO TERCEIRA. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UDC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UDC será publicada no Boletín Oficial da

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

DÉCIMO CUARTA. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 30 de abril de 2027 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025. Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2027 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da UDC, realizada polo menos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

DÉCIMO QUINTA. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribucións de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data

Deputación DA CORUÑA

E en proba de conformidade, asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

19.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de rehabilitación da cuberta da aula de estudos Xoana Capdevielle, situada no Campus de Elviña, UDC".

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e a **Universidade da Coruña polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as "**obras de rehabilitación da cuberta da aula de estudos Xoana Capdevielle, situada no Campus de Elviña, UDC**"**,** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a **Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as "**obras de rehabilitación da cuberta da aula de estudos Xoana Capdevielle, situada no Campus de Elviña, UDC**" cunha achega provincial de **300.000,00 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/3269/75301** o que representa un coeficiente de financiamento do **41.14007 %** respecto dun orzamento de **729.216,00 euros (unha vez descontado o importe do control de calidade do proxecto)**

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA CUBERTA DA AULA DE ESTUDOS XOANA CAPDEVIELLE, SITUADA NO CAMPUS DE ELVIÑA, UDC.

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, D. _____(ou deputado/a

no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D._____(ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E **doutra parte**, a **Universidade da Coruña**, con CIF Q6550005J, representado polo seu Reitor Don Ricardo Cao Abad (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do órgano competente da **Universidade da Coruña,** no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

> *"...A intervención prevista consistirá na substitución completa do sistema de cuberta actual por un novo sistema construtivo de impermeabilización, que inclúe tamén a incorporación de illamento térmico. Esta actuación permitirá mellorar a eficiencia enerxética do edificio, garantir a súa estanqueidade e asegurar unhas condicións óptimas para o uso continuado da aula de estudo...*
>
> *...A singularidade deste proxecto radica na súa vinculación directa cun espazo universitario de uso intensivo e continuo, que cumpre unha función esencial para o rendemento académico do estudantado. A súa rehabilitación non pode adiarse sen comprometer a funcionalidade do edificio e o benestar da comunidade universitaria. Ademais, trátase dunha actuación de carácter estrutural e urxente, que require unha planificación coordinada co calendario académico e co financiamento doutras administracións públicas. Estas circunstancias xustifican a tramitación excepcional da subvención nominativa, ao tratarse dun investimento estratéxico e de interese público evidente.."*

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e a **Universidade da Coruña** con CIF Q6550005J para o financiamento da obra denominada **"obras de rehabilitación da cuberta da aula de estudos Xoana Capdevielle, situada no Campus de Elviña, UDC",** tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado polo arquitecto Don Bernardo Lage Arias, en xuño de 2026.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou

unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	512.925,96 euros
Gastos xerais 13,00%	66.680,37 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	30.775,56 euros
IVE (21%)	128.180,20 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	**738.562,09 euros**

Tras excluír o capítulo 7 (Control de calidade) por non ser subvencionable segundo a cláusula III, apartado 3, do convenio, o orzamento de execución material das obras pasa a ser de 506.435,17 euros.

Coa aplicación a esta cantidade das porcentaxes relativas aos gastos xerais das obras (13%) e ao beneficio industrial (6%), e tras engadir o IVE correspondente (21%), as cantidades finais son as seguintes:

Orzamento de execución material 506.435,17

13% Gastos xerais 65.836,57

6% Beneficio industrial 30.386,11

Suma 602.657,85

21% IVE 126.558,15

Orzamento de execución por contrata 729.216,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **300.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **41.14007 %,** que constitúe o "coeficiente de financiamento". A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial sería o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos deivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realizar da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/3269/75301** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible, polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** , unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

   - Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.

   - Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.

   - **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación

ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.

- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

- Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.

- Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.

- **Acta de recepción da obra**. A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.

- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.

- Presentación de **fotografías,** dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

- Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.

- Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2. A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social. Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiábel pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3. O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificados, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5. No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3. Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao A **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

1. Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular do reitorado da **Universidade da Coruña** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

2. En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación terá efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2026 e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de 22 meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. **O dito prazo será improrrogable**, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3. A estes efectos**, a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio~~,~~ **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

   De considerarse xustificados os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras**.

   O **dito prazo será máximo** e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación,** polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

   A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5. No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado**,** por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servicios Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4)

6. No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

   De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa)*

20.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Proxecto de reparación de camiños nas parroquias de Mabegondo e Limiñón" do Concello de Abegondo, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0502.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Abegondo do proxecto modificado do investimento denominado “Proxecto de reparación de camiños nas parroquias de Mabegondo e Limiñón”, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0502.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión extraordinaria do 22 de novembro do 2024 que, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación número 2024/51945, do 13 de decembro do 2024, aprobou definitivamente a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2024, no que se inclúe, entre outros, o investimento que a continuación se indica:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS PENDENTES
Abegondo	2024.2102.0502.0	Proxecto de reparación de camiños nas parroquias de Mabegondo e Limiñón	43.040,52	0,00	43.040,52	Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) Autorización Demarcación Estradas do Estado en Galicia Autorización Servizo Vías e Obras desta Deputación

Logo de presentar o Concello de Abegondo un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 28 de agosto de 2026 polo arquitecto técnico municipal José Rivera Vilar, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 43.040,52 €, idéntico ao do proxecto inicialmente aprobado, e que supón unha modificación do seu trazado, para eliminar dous dos camiños previstos no proxecto inicial porque xa foron executados por outras administracións e para incluír tres novos camiños para os que se acredita a titularidade do concello

Logo de presentar o concello as autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e do Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, xunto co novo Anexo V (Informe técnico sobre o investimento) onde se indican as novas autorizacións requiridas para o proxecto modificado, no que ademais se indica que cumpre coas condicións contidas nas autorizacións necesarias para a execución desta obra, non sendo necesaria autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia para este proxecto modificado porque solo afectaba a un dos camiños que se eliminan

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no BOP número 245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no BOP número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Proxecto de reparación de camiños nas parroquias de Mabegondo e Limiñón”, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0502.0, que non está adxudicado, que foi asinado o 28 de agosto de 2026 polo arquitecto técnico municipal José Rivera Vilar, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 43.040,52 €, idéntico ao do proxecto inicialmente aprobado e financiado integramente por esta deputación, que supón unha modificación do seu trazado para eliminar dous dos camiños previstos no proxecto inicial porque xa foron executados por outras administracións e para incluír tres novos camiños.

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, e coa presentación das autorizacións necesarias para a execución desta obra, considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido este investimento, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS CUMPRIDAS
Abegondo	2024.2102.0502.0	Proxecto de reparación de camiños nas parroquias de Mabegondo e Limiñón	43.040,52	0,00	43.040,52	Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) Autorización Demarcación Estradas do Estado en Galicia Autorización Servizo Vías e Obras desta Deputación

3- Na partida 2026 / 0430 - 1537 - 76201 do vixente orzamento provincial existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Abegondo para os efectos oportunos.

21.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Construción de pista de Pump Track no parque do Pasatempo", do Concello de Betanzos incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025 co código 2025.2104.0806.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Construción de pista de Pump Track no parque do Pasatempo”, do Concello de Betanzos, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025 co código 2025.2104.0806.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 29 de abril de 2026, aprobou a segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025 no marco das súas Bases reguladoras, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025, na que se inclúe, entre outros, o investimento que a continuación se indica:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTE
Betanzos	2025.2104.0806.0	Construción de pista de Pump Track no parque do Pasatempo	48.393,19	0,00	48.393,19	- Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello

Logo de aprobar o Concello de Betanzos un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 15 de setembro de 2026 polo arquitecto Leonardo Llamas Álvarez, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 47.932,84€, o que supón unha diminución de 460,35 €, xa que o primeiro proxecto presentado ascendía a 48.393,19 €, e que foi redactado coa finalidade de corrixir os erros detectados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación no seu informe asinado dixitalmente o 10 de agosto de 2026.

Logo de ver que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 18 de setembro de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia

municipal (Plan único de concellos) POS+2025 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024 en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Construción de pista de Pump Track no parque do Pasatempo", do Concello de Betanzos, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025, co código 2025.2104.0806.0, que foi redactado coa finalidade de corrixir os erros detectados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación no seu informe asinado dixitalmente o 10 de agosto de 2026, cun orzamento de contrata de 47.932,84 €, aprobado polo órgano competente do concello, que conta co informe de supervisión favorable do 18 de setembro de 2026 do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables. Este proxecto modificado implica unha diminución do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial de 460,35 € tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado Concello de Betanzos "Construción de pista de Pump Track no parque do Pasatempo" **Código 2025.2104.0806.0**	**PROXECTO INICIAL**	**PROXECTO MODIFICADO**	**DIFERENZA**
Deputación	48.393,19	47.932,84	-460,35
Concello	0,00	0,00	0,00
Total	48.393,19	47.932,84	-460,35

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, considerar cumprida a condición á que foi sometido, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento, quedando o cadro de financiamento definitivo como se indica a continuación:

CONCELLO	**CÓDIGO**	**DENOMINACIÓN**	**ACHEGA DEPUTACIÓN**	**ACHEGA MUNICIPAL**	**TOTAL**	**CONDICIÓN CUMPRIDA**
Betanzos	2025.2104.0806.0	Construción de pista de Pump Track no parque do Pasatempo	47.932,84	0,00	47.932,84	- Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 2026 / 0430 - 4592 - 76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Betanzos para os efectos oportunos.

22.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a setembro de 2026.

PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de setembro de 2026.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de setembro de 2026.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.

23.- Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a setembro de 2026 e proxección a 31/12/2026.

PRIMEIRO.- Dar conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30 de setembro de 2026, que informa a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

SEGUNDO.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

TERCEIRO.- Se se teñen en consideración os criterios utilizados pola Administración do Estado na avaliación da estabilidade orzamentaria obtéñense os resultados que se recollen no Anexo I e que supoñen o previsible cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto ao longo do exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2026, xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

CUARTO.- Informar periodicamente ao Pleno sobre o estado de execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

24.- Dación de conta da información remitida polo órgano interventor ao Tribunal de Cuentas en relación coas mancomunidades da provincia que incumpriron a obriga de rendición de contas e restantes obrigas de remisión de información.

Dáse conta da información remitida polo órgano interventor ao Tribunal de Cuentas respecto das mancomunidades que incumpriron a obriga de rendición de contas e as restantes obrigas de remisión de información.

25.- Dación de conta da remisión de determinados expedientes de convenios do ano 2026 á Plataforma de Rendición de Contas.

Dáse conta da información remitida polo órgano interventor ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia respecto dos convenios de cooperación e colaboración formalizados no exercicio 2026 cuxos compromisos económicos asumidos superan os 600.000 €.

26.- Dación de conta da remisión de determinados expedientes de contratación á Plataforma de Rendición de Contas en cumprimento do disposto no artigo 335 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Dáse conta da información remitida polo órgano interventor ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia respecto dos contratos que superan os limiares previstos no artigo 335 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

27.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Instituto Municipal La Coruña espectáculos, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamiento do proxecto "Desenvolvemento de diversas actuacións artísticas dentro do Festival Noroeste 2026"

1º Levantar os reparos emitidos pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os seguintes:

- Falla de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concorrencia competitiva da subvención proposta. O que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das condicións establecidas no artigo 22.2 da LXS para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta.

- Falla de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento.

2º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei Xeral de Subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

A actividade a financiar consiste na colaboración do financiamento das actuacións incluídas no festival Noroeste 2026, evento musical de tradición que constitúe un dos maiores atractivos turísticos do verán na cidade.

O Festival Noroeste aposta por (re) descubrir de forma próxima, experiencial e sostible espazos singulares, bandas imprescindibles, directos vibrantes e unha cidade única bañada polo Atlántico. Co Noroeste, o público goza dun festival contemporáneo e vibrante como a propia A Coruña, cun cartel atractivo e ecléctico que reúne case un centenar de concertos de figuras de nome internacional e estatal, que comparten escenario con artistas emerxentes e novas promesas, na súa aposta por converterse nun escaparate da nova escena musical galega.

A variedade cultural que expresa a oferta musical do Festival NEG queda patente na diversidade de estilos musicais nos que se clasifican os e as artistas que integran o cartel. Con todo, o festival non renuncia a incorporar artistas e bandas populares, figuras ben coñecidas da música contemporánea que colocan ao Noroeste dentro dos grandes circuítos europeos do verán, así como atraer á cidade a milleiros de persoas procedentes de Galicia, do resto de España e do estranxeiro.

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTACULOS con CIF Q1500358E , para financiar o “DESENVOLVEMENTO DE DIVERSAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DENTRO DO FESTIVAL NOROESTE 2026” cun orzamento total de 550.000,00 €

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 250.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 45.45455 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

7º O texto do convenio sería o seguinte;

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do “DESENVOLVEMENTO DE DIVERSAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DENTRO DO FESTIVAL NOROESTE 2026”.

En A Coruña, a

Ante min, Miguel Iglesias Martínez Secretario Xeral da Excelentísima Deputación Provincial de A Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte ....., en representación do INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación.

EXPOÑEN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS consideran de gran interese a celebración do PROXECTO "DESENVOLVEMENTO DE DIVERSAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DENTRO DO FESTIVAL NOROESTE 2026" consistente na colaboración do financiamento das actuacións incluídas no festival Noroeste 2026, evento musical de tradición que constitúe un dos maiores atractivos turísticos do verán na cidade. O Festival Noroeste aposta por (re) descubrir de forma próxima, experiencial e sostible espazos singulares, bandas

imprescindibles, directos vibrantes e unha cidade única bañada polo Atlántico. Co Noroeste cun cartel atractivo e ecléctico que reúne case un centenar de concertos de figuras de nome internacional e estatal, que comparten escenario con artistas emerxentes e novas promesas, na súa aposta por converterse nun escaparate da nova escena musical galega.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS, con CIF Q1500358E , fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do "DESENVOLVEMENTO DE DIVERSAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DENTRO DO FESTIVAL NOROESTE 2026 ".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

IMPORTE	TERCEIRO		EVENTO
108.900,00	B70416664	GESTION CULTURAL ART MUSIC AGENCY S.L.	CONCERTO DA BANDA ECHO & THE BUNNYMEN. PRAIA DE RIAZOR, 8/8/26
10.890,00	B70402789	UNIVERSALODDS S.L.	CONCERTO DE BONGEZIWE MABANDIA, PARQUE STA. MARGARIDA, 5/8/2026
14.520,00	B70114913	ADHESION MERCANTIL CORUÑESA S.L.	CONCERTO DE FANTASTIC NEGRITO, PRAZA AZCÁRRAGA, 5/8/2026
13.310,00	B70114913	ADHESION MERCANTIL CORUÑESA S.L.	CONCERTO DE LA PERRA BLANCO, PRAZA AZCÁRRAGA, 6/8/2026
4.235,00	F70353982	URDIME SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	CONCERTO DE CATUXA SALOM, PARQUE STA.MARGARIDA, 5/8/2026
7.260,00	B70402789	UNIVERSALODDS S.L.	CONCERTO DE ANA LÚA CAIANO, CASTELO SANTO ANTÓN, 6/8/2026
3.025,00	B80858863	SUBTERFUGE RECORDS S.L.	CONCERTO DE PAMELA RODRÍGUEZ, PRAZA AZCÁRRAGA, 5/8/2026
34.485,00	B15547235	NORDESIA PRODUCCIONS S.L.	CONTRATACIÓN CONCERTOS DE MARI FORES (STA. MARGARIDA, 6/8/26 E MFC CHICKEN (PR. AZCÁRRAGA, 6/8/26)
3.630,00	J70285572	DOTBEAT SC	CONTRATACIÓN CONCERTO DE AGORAPHOBIA, CAMPO DA LEÑA 5/8/2026
3.025,00	47361324T	TAJES GARCIA, ANA BELEN	CONCERTO DE MOURA, PRAZA DE AZCÁRRAGA, 6/8/2026
2.420,00	B15708993	10D10 SOLUCIONS ACERTADAS S.L.	CONCERTO DE GREASY BEALLY, CAMPO DA LEÑA, 5/8/2026
9.075,00	B10737856	HOLY COBRA SOCIETY SL	CONCERTO DE FRANKIE&THE WITCH FINGERS, CAMPO DA LEÑA, 5/8/2026
15.125,00	B15547235	NORDESIA PRODUCCIONS S.L.	CONCERTOS DE RUXE RUXE, CAMPO DA LEÑA 6/8/2026 E ANNA ANDREU, CASTELO S. ANTÓN .5/8/2025
21.230,00	B10737856	HOLY COBRA SOCIETY SL	CONTRATACIÓN CONCERTO DE SPRINTS, PRAIA DE RIAZOR, 7/8/2026
3.630,00	46899859F	BLANCO GENDRE MARCOS	CONCERTO DE MAU, CAMPO DA LEÑA, 6/8/2026.
12.100,00	B10915247	BALA BENDITA SL	CONCERTO DE BALA, PRAIA DE RIAZOR, 7/8/2026
54.450,00	B70597901	PEGADA SONORA SL	CONCERTO DE YERAI CORTÉS, PRAZA MARÍA PITA, 6/8/2026
193.600,00	B65505257	BARCELONA EVENTS MUSICALS SL	CONCERTO DE BOMBA ESTÉREO, PRAIA DE RIAZOR, 8/8/2026.
7.865,00	33279482T	RIVERA CRESPO MARIA MONTSERRAT	CONCERTO XOSÉ LOIS ROMERO & ALIBORIA, PARQUE STA. MARGARIDA, 6/8/2026
6.655,00	B56853062	TREMENDO AUDIO SL	CONCERTO FAMILIA CAAMAGNO, PRAZA MARÍA PITA, 5/8/2026
4.235,00	B70464250	JAU CULTURA SLU	CONCERTO DAVID REGUEIRO TRÍO, PRAZA AZCÁRRAGA, 5/8/2026
3.025,00	B70521463	MADERAS METALES Y RITMO SLU	CONCERTO MAR DE FONDO, CAMPO DA LEÑA, 6/8/2026
1.452,00	B22592869	NUME PRODUCIONS SL	CONCERTO MONQUP, PARQUE STA. MARGARIDA, 6/8/2026
3.388,00	F15983067	CULTURACTIVA SOC. COOP. GALEGA	CONCERTO DE ZENZAR, PRAZA MARÍA PITA, 6/8/2026
8.470,00	B25953084	PONTIAK MUSIC SL	CONCERTO DE VICENTE CALDERÓN, PRAZA AZCÁRRAGA 5/8/2026
550.000,00			

TOTAL CACHÉS ARTISTAS **550.000,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na

cláusula primeira, cunha achega máxima de 250.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 44.45455 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 45.45455 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTACULOS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTACULOS axustarase toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos

resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán carácter retroactivo e abranguerán as datas sinaladas na cláusula XIII.

2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se deveñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos

artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro do 2026, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de xullo do 2027, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. O INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 31 de maio de 2027.

3. Para o caso de que o INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS non poida

ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación ante do 31 de maio de 2027, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2027. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

4. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS,

O Secretario Provincial

28.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) para o proxecto de "Desenvolvemento de actuacións marco para a transición enerxética na provincia", anualidade 2026.

1. Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 23 de setembro de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

2. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3. Aprobar a concesión da subvención nominativa por importe de **396.600,00 €** á Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (G15305923), para financiar o proxecto de "Desenvolvemento de actuacións marco para a transición Enerxética da provincia", anualidade 2026.

4. Imputar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 0520/92052/481 do vixente orzamento xeral.

5. Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

6. Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar á interesada.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN INSTITUTO TECNOLÓXICO DE GALICIA (ITG) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS MARCO PARA A TRANSICIÓN ENERXÉTICA NA PROVINCIA", ANUALIDADE 2026

Na Coruña, a XX de XX de 2026, na sede da Deputación Provincial da Coruña.

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante.

REUNIDOS

D. ....., en representación da Deputación Provincial da Coruña.

D. ....., en representación da Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que a Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia é unha fundación de carácter privado sen ánimo de lucro de interese galego, cuxo fin primordial é o de contribuír eficazmente ao progreso tecnolóxico en todas as súas manifestacións en aras do desenvolvemento e o fortalecemento da capacidade produtiva das empresas, profesionais e administracións. En particular, o ITG desenvolve desde hai anos, proxectos en materia de eficiencia enerxética, integración de renovables, sensórica e plataformas de xestión intelixente de infraestruturas, colaborando con administracións públicas e empresas na transición enerxética.

Que a Deputación da Coruña por medio da Oficina de Transición Enerxética (en adiante OTE), ten por obxecto e fins: impulsar a transición enerxética na provincia da Coruña, contribuíndo ao desenvolvemento de políticas de sustentabilidade enerxética e acción climática no territorio, a través do traballo en rede con outras administracións e institucións públicas, axentes sociais tecido produtivo, sector industrial e cidadanía.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e o ITG no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (en adiante ITG) (G15305923) para o desenvolvemento de actuacións marco na provincia en materia de transición enerxética.

O ITG, no marco do convenio, colaborará coa OTE da Deputación na realización das seguintes actuacións:

- Mellora da xestión enerxética municipal en concellos da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes.
- Análise, estudio e implantación de melloras enerxéticas na provincia.
- Asesoramento aos concellos en aspectos relacionados coa súa transición enerxética, en especial os máis pequenos.
- Análise, estudio de viabilidade e posta en práctica de solucións innovadoras en materia de xestión e xeración enerxética.
- Definición da Estratexia Provincial de Transición Enerxética.

Os obxectivos específicos que se pretenden acadar son:

- Modernización das entidades locais provinciais a través dunha mellora da eficiencia enerxética das súas instalacións, a optimización da xestión enerxética e a contribución á redución da pegada de carbono na provincia.
- Impulso dunha transición xusta na provincia, inclusiva e baseada en datos, con

mecanismos de seguimento e avaliación que garantan unha acción pública eficaz, transparente e aliñada cos retos climáticos actuais.

- Aproveitamento do coñecemento acumulado polo ITG e xeración de novo coñecemento en materia de xestión enerxética, froito da colaboración entre ambas as dúas entidades.
- Redución do consumo enerxético das entidades locais, así como a redución das súas emisións de CO_2 e a descarbonización das súas fontes de enerxía, a través dunha maior xeración a partir de fontes renovables.

Os indicadores de resultado a acadar, son os seguintes:

- ☐ N.º de instalacións públicas da provincia onde se implementou o sistema de monitorización e xestión desenvolvido por ITG
- ☐ Nº de proxectos de uso de EERR propostos/implementados
- ☐ Nº de propostas de mellora feitas na provincia.
- ☐ Nº de melloras implementadas
- ☐ Nº de kWh aforrados
- ☐ N.º de toneladas de CO2 non emitidas á atmosfera
- ☐ Nº de concellos da provincia onde se implementou o análise de facturación eléctrica
- ☐ Nº de incidencias detectadas na anterior análise
- ☐ Nº de reclamacións presentadas
- ☐ Nº de kWh vendidos para emisión de CAEs
- ☐ Estudos estatísticos de consumo por concello
- ☐ Estudos estatísticos de consumo por tipo de subministración

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O orzamento dos gastos das actividades a realizar conforme se recolle no apartado anterior, ascende a 495.750,00€, e o seu desglose é o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
1. Gastos de persoal 6 Enxeñeiros Industriais (60% de dedicación anual) 2 Enxeñeiros da Enerxía (60% de dedicación anual 4 Enxeñeiros Informáticos (70% de dedicación anual) 1 Arquitectos (60% de dedicación anual)	
1.1 Soldos e salarios	360.000,00 €
1.2 Seguridade Social a cargo da entidade	117.750,00 €
2. Gastos en bens correntes e servizos	
2.1 Contratacións externas	18.000,00 €
TOTAL ORZAMENTO	**495.750,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará as actuacións tal como se define na cláusula PRIMEIRA, por importe de **396.600,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/92052/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación non é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.

IV.- COMPROMISOS ENTRE AS PARTES

Coa finalidade de acadar os obxectivos pretendidos mediante a sinatura deste convenio, ambas as dúas partes comprométense ao seguinte:

Compromisos do ITG:

- Aportar recursos humanos especializados a través dun equipo que estará formado enxeñeiros que abarcarán distintas especialidades en materia enerxética.

- Fomentar estratexias conxuntas, no ámbito de traballo do presente convenio, e promover a participación conxunta en candidaturas de programas europeos como o Horizon Europe, ou outros programas que se poidan identificar.

- Aplicar a súa Plataforma de xestión Enerxética para concellos, para xerar cadros de mando e contidos para a avaliación do desempeño enerxético e o control da facturación vinculada aos abastecementos enerxéticos das entidades locais da provincia. Todo isto dentro do marco do proxecto e co fin de obter unha mellora na calidade dos datos existentes.

- Aplicar a plataforma IoT Flythings ITG integrada con medidores portátiles (analizadores de rede, medidores de calidade do aire, etc.) para a análise en tempo real do impacto das actuacións sobre a operación de instalacións.

- Transferencia de coñecementos en materia de eficiencia enerxética, sustentabilidade e uso de fontes renovables, ao persoal de entidades locais provinciais, co fin de transferir de maneira efectiva os coñecementos do centro tecnolóxico.
- Prantexar o estudo de solucións innovadoras en materia de xestión e xeración enerxética , mediante a implantación de ferramentas de dimensionamento e análise de viabilidade para o uso de enerxías renovables en edificios públicos. Tamén se

analizará a viabilidade técnico-económica das solucións Power to heat para a electrificación da demanda, enfocadas na implantación de bombas de calor.

- Apoiar plans enerxéticos a nivel provincial, asumindo o rol de Xestor Enerxético Integral, elaborando un plan de mellora continua e asesorando a implantación de medidas de mellora, co fin de obter datos de eficiencia que permitan coñecer as mellores solucións a adoptar en cada espazo.

- Propoñer unha liña de actuación sobre solucións de sustentabilidade centradas en sistemas enerxéticos, políticas de transporte público-privadas, plan de xestión de augas, eficiencia na xestión de residuos, adaptación de espazos verdes bioclimáticos e actividades innovadoras en materia de sustentabilidade.

- Proporcionar, como mínimo, os seguintes medios humanos:

    - Un responsable operativo da execución do convenio
    - Un consultor enerxético de mellora continua
    - Un consultor experto en financiamento
    - Técnicos de apoio e especialistas.

- Aportar información dos seus espazos e instalacións, permitindo o acceso ás súas instalacións de xeración, xestión e consumo enerxético e facilitando todos os datos relacionados coas instalacións anteriores.

Compromisos da Deputación da Coruña:

- Poñer a disposición do proxecto os equipos tecnolóxicos que poidan ser empregados no desenvolvemento do mesmo, vinculados á Oficina de Transición Enerxética.

- Proporcionar, como mínimo, os seguintes medios humanos:

    - Un responsable do convenio do Servizo de Desenvolvemento Territorial, Sectores Produtivos, Emprego Sostible e Transición Ecolóxica.
    - Un técnico en planificación enerxética, da Oficina de Transición Enerxética.
    - Un técnico en enerxías renovables, da Oficina de Transición Enerxética.
    - Persoal técnico do Servizo de Arquitectura e Mantemento

- Realizar a achega provincial para o financiamento do proxecto, conforme ao establecido na cláusula TERCEIRA.

V.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao ITG. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector

público, utilizando para tal fin os Pregos de condicións tipo da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

VI.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logotipo da Deputación da Coruña, dispoñible na páxina web https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da entidade beneficiaria.

VII.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación do proxecto realizado e dos resultados obtidos.

b. Relación clasificada dos gastos realizados, nos que se indiquen os acredores e o seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

c. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

d. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coas Seguridade Social segundo o previsto na cláusula NOVENA.

e. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

f. Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

g. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula SEXTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VIII. TERMO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na

cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DECIMOCUARTA

2. Unha vez rematadas as actividades, o ITG deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SÉTIMA, antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOCUARTA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao ITG para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao ITG da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo ITG na documentación achegada.

IX.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. O ITG deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

X.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O ITG destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impoñer, o ITG deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XI.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o ITG poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o ITG queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XII.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización do investimento ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XIII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do ITG serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de

subvencións, a concesión da subvención ao Clúster será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31 de marzo de 2028.**

2. Previa solicitude do ITG, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que se expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo ITG, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso – administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo o día __ de __ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación Provincial da Coruña

Asdo.

Pola Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia

Asdo.

30.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Clúster do Audiovisual Galego para o financiamento do proxecto "Formación en Produción Audiovisual".

1. Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 23 de setembro de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

2. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3. Aprobar a concesión da subvención nominativa por importe de **139.154,00 €** á Asociación do Clúster Audiovisual Galego (CLAG), con CIF G15891260, para financiar o proxecto "Formación en produción audiovisual", anualidade 2026.

4. Imputar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 0520/92052/481 do vixente orzamento xeral.

5. Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

6. Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar á interesada.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER DO AUDIOVISUAL GALEGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “FORMACIÓN EN PRODUCIÓN AUDIOVISUAL”

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Don/a ....., en representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña,
Don/a ....., en representación da Asociación Clúster do Audiovisual Galego

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

1.- A Asociación Clúster do Audiovisual Galego (en adiante o Clúster) é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro, que reúne a empresas tractoras da industria de contidos dixitais e audiovisuais en Galicia que participan en todos os procesos da cadea de valor da produción audiovisual.

Toda a súa actividade baséase na colaboración entre os axentes do sector para xerar valor engadido para aumentar o seu volume de negocio a través de sinerxías para desenvolver proxectos empresariais que convertan a Galicia nun referente na industria audiovisual.

Baixo un enfoque colaborativo, o Clúster reúne a 61 empresas, entidades e institucións que abarcan toda a cadea de valor do sector, desde produtoras e distribuidoras ata tecnolóxicas e de formación.

O seu principal obxectivo consiste en potenciar a competitividade do sector audiovisual galego, impulsando a súa internacionalización e facilitando a colaboración entre os seus membros. Para iso, o Clúster desenvolve unha ampla gama de actividades que abarcan diversos ámbitos:

- **Internacionalización:** promoción da marca "Galicia Audiovisual" no estranxeiro, participación en feiras e mercados internacionais, desenvolvemento de programas de intercambio e captación de investimentos.
- **Innovación:** fomento da I+D+i no sector audiovisual, apoio ao desenvolvemento de novas tecnoloxías e creación dun ecosistema emprendedor.
- **Formación:** implementación de programas de formación especializada para profesionais do sector, organización de obradoiros, xornadas e seminarios.
- **Promoción:** difusión do talento audiovisual galego a nivel nacional e internacional, organización de eventos e actividades de networking

2.- A Deputación da Coruña puxo en marcha o Coruña Estudo Inmersivo (CEI), na cidade das TIC, un estudio virtual de última xeración (plató virtual VPxR), como elemento revulsivo e dinamizador do emprego, en especial dentro do sector audiovisual. Por medio do estudio virtual as empresas do sector audiovisual galego e doutras comunidades poden desenvolver cos máis sofisticados sistemas tecnolóxicos, a súa creatividade e a produción de grandes películas nas mellores condicións de calidade, innovación e tecnoloxía.

Con este proxecto, o Clúster e a Deputación impulsarán un programa formativo especializado para a formación adquisición de novas competencias e habilidades por parte dos e das profesionais do sector audiovisual, necesario para converter Galicia e en especial a provincia da Coruña, nun polo audiovisual de referencia a nivel nacional, así como á consolidación do CEI como infraestrutura de vangarda que sitúe a Galicia na primeira liña da produción virtual.

3.- Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Clúster do Audiovisual Galego no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a

Deputación da Coruña e a Asociación Clúster do Audiovisual Galego, CIF G15891260, para o financiamento do proxecto "Formación en Produción Audiovisual", para o desenvolvemento dunha serie de cursos de formación que contribúan á cualificación e *reskilling* dos e das profesionais do sector audiovisual galego, así como á consolidación da Coruña como polo audiovisual de referencia a nivel nacional e internacional arredor do CEI.

A súa finalidade última é o consecuente efecto positivo sobre o emprego, a fixación de poboación, a calidade de vida e o crecemento sostible da provincia en termos socioeconómicos.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DAS ACTIVIDADES A REALIZAR

O Clúster levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	Orzamento (euros)
1. CONTRATACIÓNS EXTERNAS	**83.250,00**
Honorarios docentes	74.500,00
Deseño programa, pezas para redes e certificado de asistencia	5.750,00
Asesoramento contidos	3.000,00
2. ARRENDAMENTOS	**21.900,00**
Alugueiro do CEI	11.000,00
Alugueiro material de iluminación	2.100,00
Alugueiro software	8.800,00
3. COMPRA DE BENS DESTINADOS Á ACTIVIDADE	**2.500,00**
Material para a construcción de decorados	2.500,00
4. DESPRAZAMENTOS	**13.050,00**
Desprazamento, aloxamento e manutención do persoal docente	13.050,00
5. GASTOS DE PERSOAL IMPUTADO AO PROXECTO	**30.000,00**
Soldos e salarios (dedicación 39%)	22.650,00
Seguridade Social (dedicación 39%)	7.350,00
6. OUTROS SERVIZOS	**8.242,50**
Teléfono, internet, aloxamento web, aloxamento cloud	8.242,50
7. SUBMINISTRACIÓNS	**12.000,00**
8. OUTROS GASTOS FINANCEIROS	**3.000,00**
Aval	3.000,00
ORZAMENTO DE GASTOS TOTAL	**173.942,50**

Gastos de carácter xeral da entidade (gastos de subministracións, auga, luz, etc) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada co límite máximo do 15% dos gastos directos da actividade.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, por importe de 139.154,00 euros o que representa unha porcentaxe do 80,00%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios e alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/92052/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Clúster de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Clúster, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logotipo da Deputación da Coruña, dispoñible na páxina web https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista no disposto no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida que, en todo caso, deberán cumprir as seguintes normas:

a. Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente polo importe total da cantidade anticipada, máis un 20 por 100 da dita cantidade en concepto de posibles intereses moratorios; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable.

b. Deberá acreditarse que a persoa beneficiaria está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Non será posible expedir un pago anticipado se a persoa beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logo de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol do Clúster, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe da subvención concedida, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Clúster estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos probatorios.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
d. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
e. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.
f. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso en conta da entidade financeira indicada polo Clúster na documentación achegada, no prazo de catro meses desde que presentara completamente a documentación xustificativa.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o **15 de setembro de 2026 e o 14 de setembro de 2027.**

2. Unha vez rematadas as actividades, o Clúster deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Clúster para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Clúster da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Clúster na documentación presentada.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. O Clúster deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Clúster destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impoñer, o Clúster deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Clúster poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Clúster queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de

Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP núm. 185, do 29 de setembro de 2025).

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Clúster serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados **desde o 15 de setembro de 2026 ata o 14 de setembro de 2027**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **31 de decembro de 2027**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o Clúster non poda executar as actividades e/ou presentar a xustificación antes do 31 de decembro de 2027, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe

correctamente xustificado.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación Provincial da Coruña

Asdo.

O secretario xeral da Deputación da Coruña

Asdo.

Pola Asociación Clúster do Audiovisual Galego

Asdo.

31.- Aprobación do proxecto da obra Mellora de firme con MBQ na DP 2403 Cerceda a Xesteda punto quilométrico 5+500 ao punto quilométrico final (Cerceda).

Aprobar o proxecto Mellora de firme con MBQ na DP 2403 Cerceda a Xesteda punto quilométrico 5+500 ao punto quilométrico final (Cerceda) e consideralo incluído no orzamento provincial do 2026 con cargo á aplicación que se detalla:

Aplicación Orzamentaria 0410/4531/60900

Código 2026.1110.0006.0

Denominación Mellora de firme con MBQ na DP2403 Cerceda a Xesteda

Punto Quilométrico 5+500 ao punto quilométrico final.

Concello (Cerceda)

Orzamento 446.704,07 €

Prazo de execución 5 meses

32.- Aprobación do proxecto da obra Reforzo do firme e mellora superficial na DP 0605 do pq 0+000 ao 4+670 (O Pino e Touro).

Aprobar o proxecto Reforzo de firme e mellora superficial na DP 0605 do punto quilométrico 0+000 ao 4+670 (O Pino e Touro) e consideralo incluido no orzamento provincial do 2026 con cargo á aplicación que se detalla:

Aplicación Orzamentaria 0410/4531/60900

Código 2026.1110.0007.0

Denominación Reforzo de firme e mellora superficial na DP0605 do

Punto Quilométrico 0+000 ao 4+670.

Concello O Pino e Touro

Orzamento 410.304,16 €

Prazo de execución 3 meses